

GRAO EN SOCIOLOXÍA



TRABALLO DE FIN DE GRAO

CURSO ACADÉMICO: 2017-2018

CONVOCATORIA: xuño

TÍTULO

**“Aproximación ó tratamento mediático da violencia
cara as mulleres”**

NOME DA ALUMNA: María Silveira Santamaría

NOME DAS TITORAS: Elvira Santiago Gómez e Laura Román Masedo

RESUMO:

Os medios de comunicación constitúen un elemento chave na transmisión de crenzas e valores na sociedade actual. A través do enfoque de efectos limitados, enténdense como axentes impersoais que actúan de forma condicionada e a longo prazo sobre o individuo posibilitando cambios profundos na forma de pensar e de actuar. Debido ó seu carácter estrutural e á súa magnitude, a problemática social sobre a que se analizou o tratamento mediático é a violencia cara as mulleres. De xeito máis preciso, buscouse comprender cales son as características das informacións realizadas en materia de violencia de xénero, abuso sexual e acoso sexual a través do xornal EL PAÍS e ABC. Empregouse unha metodoloxía baseada na análise de contido de novas publicadas entre xullo e novembro de 2017. Os resultados obtidos dan conta da forma destas novas, da súa estrutura e da adecuación á norma vixente que regula o tratamento xornalístico destas informacións.

Palabras chave: violencia de xénero, abuso sexual, acoso sexual, medios de comunicación

Aproximación al tratamiento mediático de la violencia hacia las mujeres

RESUMEN:

Los medios de comunicación constituyen un elemento clave en la transmisión de creencias y valores en la sociedad actual. A través del enfoque de efectos limitados, se entienden como agentes impersonales que actúan de forma condicionada y a largo plazo sobre el individuo posibilitando cambios profundos en la forma de pensar y de actuar. Debido a su carácter estructural y a su magnitud, la problemática social sobre la que se analizó el tratamiento mediático es la violencia hacia las mujeres. De forma más precisa, se buscó comprender cuales son las características de las informaciones realizadas en materia de violencia de género, abuso sexual y acoso sexual a través de los periódicos EL PAÍS y ABC. Se empleó una metodología basada en el análisis de contenido de noticias publicadas entre julio y noviembre de 2017. Los resultados obtenidos dan cuenta de la forma de estas noticias, de su estructura y de la adecuación a la norma vigente que regula al tratamiento periodístico de estas informaciones.

Palabras clave: violencia de género, abuso sexual, acoso sexual, medios de comunicación

Approach to media treatment about violence against women

ABSTRACT:

The Media constitute a key factor in the transmission of believers and values in the current society. Through the limited effects' perspective, they are understood as impersonal agents that act in a conditioned and long-term manner over individuals allowing deep changes in their way of thinking and behaving. Due to their structural character and to their magnitude, the social problem about which the media treatment's analysis was made was violence against women. In a more specific way, it tried to understand which are the characteristics found in the news conducted in matters of gender violence, sexual abuse and sexual harassment in the newspapers EL PAÍS and ABC. The methodology used was based on the analysis of news' content published from July to November in 2017. The results achieved describe the form of these reports, of their structure and their adaptation to the current regulation that standardize media treatment of this information.

Key words: gender violence, sexual abuse, sexual harassment, media

*“Todas iamos ser raíñas, e de verídico reinar; pero ningunha foi raíña
nin en Arauco nin en Copán”*

Gabriela Mistral, 1889 - 1957

ÍNDICE:

1.	INTRODUCCIÓN:.....	5
2.	OBXECTIVOS DE INVESTIGACIÓN:.....	7
3.	MARCO TEÓRICO:.....	8
3.1.	OS EFECTOS DA COMUNICACIÓN DE MASAS:.....	8
3.2.	A LINGUAXE, A COMUNICACIÓN E A VIOLENCIA:.....	11
3.3.	AS POLÍTICAS PÚBLICAS EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO:.....	13
4.	DESEÑO METODOLÓXICO:.....	17
5.	ANÁLISE DE RESULTADOS:.....	25
5.1.	APROXIMACIÓN Ó MATERIAL DE ANÁLISE.....	25
5.2.	DIFERENZA DE CONTIDO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA CARA AS MULLERES.....	27
5.2.1.	Diferenzas entre xornais: EL PAÍS E ABC.....	27
5.2.2.	Diferenzas entre tipos de violencia cara as mulleres: VIOLENCIA DE XÉNERO, ABUSO SEXUAL e ACOSO SEXUAL.....	34
5.3.	COMPARACIÓN ENTRE AS NOVAS ANALIZAS E A NORMA VIXENTE.....	48
6.	CONCLUSIÓN:.....	50
7.	DEBILIDADES E FORTALEZAS DO TRABALLO DE FIN DE GRAO:.....	53
8.	BIBLIOGRAFÍA:.....	54
9.	RELACIÓN DE FIGURAS:.....	56
9.1.	TÁBOAS:.....	56
9.2.	GRÁFICOS:.....	56
9.3.	ILUSTRACIÓN:.....	56
10.	ANEXOS:.....	57

1. INTRODUCCIÓN:

A finalidade deste Traballo de Fin de Grao (TFG a partir de agora) é analizar o tratamento mediático realizado ás novas relativas á desigualdade de xénero no contexto actual do Estado español. De xeito máis preciso, centrase a atención sobre as manifestacións máis extremas desta desigualdade: a violencia cara as mulleres. A representación máis coñecida é a violencia de xénero, aínda que poden ser identificadas outras manifestacións como a prostitución, as prácticas tradicionais que vulneran a saúde e a sexualidade ou o aborto selectivo (Manier, 2007). Porén, e a partir de criterios de relevancia mediática, nesta análise tómanse en consideración tres formas concretas de violencia cara as mulleres: a violencia de xénero, o abuso sexual e o acoso sexual. Da mesma forma, fíxose necesario acoutar os medios de comunicación a dous xornais: EL PAÍS e ABC. O carácter desta investigación é descritivo, poñendo o foco nas características das informacións sobre esta problemática social e analizando os factores de semellanza e diferenciación entre medios de comunicación e entre tipos de violencias.

Aínda que este TFG aspira a coñecer unha pequena dimensión do fenómeno, é necesario achegarse á magnitude do mesmo para tratar de xustificar a importancia da investigación sociolóxica nesta materia. Recorrendo ós datos ofrecidos pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero¹, a cifra de mulleres asasinadas durante o ano 2017 en casos demostrados de violencia de xénero sitúase en 57. Aínda así, este indicador non da conta da realidade exacta, xa que reflicte a máxima expresión desta violencia pero non se axusta ó número de mulleres que na actualidade son vítimas. Por este motivo resulta interesante recorrer a outras dimensións de análise, concretamente dúas: o *número de denuncias* e o *número de usuarias activas do servizo ATENPRO*. No primeiro dos casos, e segundo os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial² durante o ano pasado efectuáronse un total de 166.260 denuncias. No segundo dos casos, a cifra establécese en 12.477 usuarias a decembro de 2017³. Observando os datos ofrecidos polo Ministerio do Interior⁴, o número de delitos contra a liberdade e a idemnidade sexual sitúase en 11.692 no ano 2017. Este indicador non ofrece información sobre o xénero da vítima, polo que non se pode establecer a proporción de mulleres e nenas que compoñen esta cifra. En último lugar, resulta significativa a escaseza de datos relativos ó acoso sexual. Recorrendo ó analizado por Cuenca (2017) a partir da Enquisa Europea de Condicións no Traballo do 2010, un 5,6% das enquisadas en España sufrira no último mes algunha clase de acoso sexual.

Nunha aproximación ó concepto principal sobre o que se desenvolve este traballo, e independentemente da forma que adopte, enténdese por violencia cara as mulleres todo acto que, por medio da ameaza, a coacción ou a forza, é infrinxido ás mulleres na vida privada ou pública polo feito de selo. Isto inclúe calquera tipo de sufrimento físico, sexual ou psicolóxico

¹ Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, *Nº de vítimas mortais en 2017*, España.

² Consello Xeral do Poder Xudicial, *Nº de denuncias por violencia de xénero no 2017*, España.

³ Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, *Nº de usuarias activas no servizo ATENPRO a decembro de 2017*, España.

⁴ Ministerio do Interior, Balance trimestral de criminalidade, *Indicadores de seguridade*, 2017, España.

que teña como finalidade a intimidación, o castigo ou a humillación e que afecte á integridade física e/ou á subxectividade individual (Alemany, 2002, p.291). Tras esta violencia, existe un aparato de crenzas e valores que a lexitima e a perpetúa (Petit e Prat, 2011). Sen esa configuración simbólica, o sistema patriarcal, entendido como un sistema de “*hexemonía masculina nas sociedades antigas e modernas*” (Puleo, 1995, p. 21), tería serias dificultades para manterse no tempo.

Os medios, polo tanto, constitúense como tradutores das diferentes realidades que nos acontecen e que, implicitamente, forman modelos de comportamento e de comprensión (García, 2009). Na actualidade, a comunicación de masas acaba erixíndose como vehículo de información que contribúe ó establecemento de diferentes modelos de educación. Estes modelos posibilitan novas formas de entendemento e de comportamento. Por este motivo, resulta de especial importancia o correcto tratamento das información, suxeitado por un rigoroso coñecemento das cuestións que son abordadas, neste caso, as relativas á violencia derivada dunha situación de desigualdade de xénero. O fenómeno arredor do cal desenvólvese este traballo atópase profundamente arraigado e normalizado, non sendo percibido coma unha anomalía (Calleja, 2016). Un tratamento inadecuado das novas centradas nesta problemática social repercute de xeito directo na sociedade que recibe esa información a través de consecuencias nocivas a nivel individual e a nivel colectivo.

Ca idea da vinculación entre medios de comunicación e educación, pódese rescatar a concepción de Freire (2003) na que se entende que esta última pode servir a dous propósitos: ó de emancipación ou ó de reprodución da opresión. Por extensión, e concretando na cuestión principal desta investigación, o tratamento mediático realizado ás novas sobre violencia cara as mulleres pode apoiar a loita contra esta problemática social ou pode suxeitar a súa permanencia. Dito doutra forma, pode contribuír á súa denuncia e visibilización ou reforzar a súa reprodución. Resulta de especial interese que os profesionais dos medios de comunicación e as autoridades públicas competentes nesta materia sexan conscientes de como as informacións neste eido poden ser un “instrumento positivo” (Bernárdez, 2015, p. 246) se se empregan adecuadamente. Poden posibilitar un cambio de consideración e unha transformación nas categorías interpretativas da poboación que leven a unha oposición clara e activa ante esta problemática social.

O documento que se presenta a continuación, é o resultado dunha investigación realizada ó longo dos seis últimos meses na que se buscou observar tres manifestacións concretas da violencia cara as mulleres a través da óptica ofrecida polos medios de comunicación. Comézase cunha aproximación ós eixos vertebradores da investigación que dan lugar ós obxectivos, continúa revisando os principais alicerces sobre os que construír a conceptualización empregada e interpretar a realidade, que posteriormente analizarase a través dos datos empíricos, e finaliza realizando unhas breves reflexións sobre o observado e establecendo liñas futuras de investigación. Finalmente atópase un epígrafe no que se realiza un balance do aprendido durante a elaboración deste Traballo de Fin de Grao, narrando a intrahistoria e facendo especial fincapé nas dificultades atopadas durante o proceso xunto ás debilidades e ás fortalezas cas que conta o resultado final. Para rematar, recóllese a bibliografía, así coma a relación de táboas, gráficos e ilustracións que acompañan a este documento, xunto con unha serie de ANEXOS nos que se amplía ou completa información.

2. OBXECTIVOS DE INVESTIGACIÓN:

Dentro deste marco de análise, establécese como obxectivo xeral *analizar o tratamento mediático sobre as violencias cara as mulleres*. A fin de facer posible esta análise suxeita ás características propias dun TFG, é necesario acoutar o espazo temporal observado e elixir un tipo de medio de comunicación específico.

Sobre a decisión do espazo temporal, estableceuse un período de observación comprendido entre xullo e novembro de 2017. Este intervalo supón os meses anteriores á aprobación do *“Pacto de Estado en materia Violencia de Xénero”* (decembro de 2017), ademais de constituír un período representativo de diversos casos moi mediáticos sobre violencia cara as mulleres (por exemplo o *“Caso Weinstein”*, o *“Caso San Fermíns”*, *“Caso Juana Rivas”*...). Esta resolución foi tomada tras unha breve revisión previa ca que se buscaba atopar a etapa de observación máis conveniente. Ademais, durante o mes de xullo do ano 2017 decidiuse o tema para esta investigación e no mes de decembro comezouse a elaborar o Marco Teórico.

Sobre a decisión dos medios de comunicación, valorouse máis adecuado empregar prensa escrita pola facilidade de consulta na hemeroteca. Segundo o Barómetro do CIS de novembro de 2017, aproximadamente un 30% das persoas enquisadas manifestaron consultar o xornal para informarse todos os días e un 10% facelo entre 3 e 4 días por semana. Aínda que a televisión acade porcentaxes moito máis altos (aproximadamente dun 70% para *todos os días da semana* e un e dun 12% para *3-4 días á semana*), os xornais continúan a representar unha fonte de información significativa. Para este traballo, elixíronse dous xornais de tirada estatal na súa versión en papel: EL PAÍS e ABC. No epígrafe que se corresponde ca metodoloxía afondarase sobre as características de ambos, pero compre ter en conta que a selección fíxose a partir de criterios tales como (a) número de lectores, (b) diversidade de liñas editoriais e (c) facilidade de acceso na hemeroteca.

A partir de aquí, defínense catro obxectivos específicos:

Obxectivo 1: busca seleccionar e clasificar as novas a partir do tipo de violencia que recollen, empregando as tres representacións que, neste contexto de análise, contan cunha presenza máis frecuente nos medios de comunicación: violencia de xénero, abuso sexual e acoso sexual.

Obxectivo 2: trata de describir as diferenzas entre o tratamento mediático que reciben estas tres manifestacións da violencia cara as mulleres.

Obxectivo 3: tenta describir as diferenzas de contido no tratamento da violencia cara as mulleres entre os dous xornais analizados.

Obxectivo 4: persegue aproximarse a valorar a adecuación da realidade observada á norma vixente sobre comunicación e información en materia de violencias cara as mulleres. É dicir, encamiñase a comprobar o nivel de congruencia entre como recolle a normativa legal que deben realizarse estas informacións e como estas se realizan na práctica.

3. MARCO TEÓRICO:

Tratando de contextualizar de xeito teórico esta investigación, levouse a cabo unha aproximación ó obxecto de estudo dende diferentes ámbitos do coñecemento, enmarcados dentro da Socioloxía, baixo unha perspectiva de xénero. Así, os principais apoios teóricos nos que se asentará este traballo sitúanse no campo da Socioloxía da Educación e a Socioloxía da Comunicación, interpretados baixo a conceptualización propia da Socioloxía do Xénero.

Para facilitar a aproximación sistemática ós principais antecedentes teóricos e de investigación nesta materia, así como organizar e estruturar as contribucións máis relevantes á hora de enmarcar e entender a realidade que é abordada nesta análise, optouse por establecer tres partes diferenciadas. Na primeira, trátanse cuestións relacionadas cos efectos da comunicación de masas na opinión pública e a capacidade de influencia sobre a cidadanía. Na segunda abórdanse cuestións relacionadas co tratamento mediático das violencias cara as mulleres no Estado español e a importancia da linguaxe empregada nestas comunicacións. Por último, iniciase unha aproximación ás políticas públicas que recollen esta cuestión na actualidade.

3.1. OS EFECTOS DA COMUNICACIÓN DE MASAS:

Unha parte importante do que se fai, do que se pensa e do que se sente confórmase a través da “realidade simbólica” que os medios de comunicación de masas crean (Roda, 1989). Porén, non existe unanimidade entorn a cal é o alcance real que estes teñen na interpretación que os individuos realizan sobre realidades concretas. Buscando clasificar os diferentes enfoques acerca dos efectos da comunicación de masas, recórrase ó exposto por Espinar, Frau, González e Martínez (2006), onde estes enfoques son clasificados a partir do momentos histórico no que as teorías que os conforman foron formuladas, e á clasificación realizada por Rodríguez (2007) a partir dos efectos producidos nas audiencias.

No primeiro dos enfoques aglutínanse as teorías establecidas entre a Primeira e a Segunda Guerra Mundial nas que se afirmaba que os medios de comunicación tiñan uns efectos directos sobre os espectadores. O contexto no que se situaban fomentaba un interese principal sobre o impacto da propaganda e relacionábanse ca psicoloxía condutista. Sostíñase que a recepción dos contidos é homoxénea, é dicir, posibilita as mesmas actitudes e as mesmas condutas. Esta teoría é coñecida como a *teoría da bala máxica* ou da *agulla hipodérmica*. Debido á definición que se realiza sobre o alcance dos medios, o poder que se lles outorga é case ilimitado, mentres que se mantén unha concepción pasiva das audiencias. Segundo Torregrosa e Martín (2009, p. 354), esta primeira interpretación dos efectos da comunicación está baseada das teses de Lasswell, entendendo este proceso como “*unidireccional e enfocado á consecución dun efecto*”. A partir da tipoloxía proposta por Rodríguez (2007) sobre os tipos de efectos producidos nas audiencias, esta etapa caracterízase por un planeamento no que se sitúa un efecto directo e forte sobre as audiencias, entendido

coma *efecto de persuasión* e caracterizado por un enorme poder de influencia sobre as actitudes e as opinións da poboación receptora.

O segundo dos enfoques contextualízase entre 1930 e 1970 e sostén un planeamento radicalmente oposto ó anterior. Así, baixo as teses de Lazarsfeld e Hovland, comézase a dubidar da capacidade inmediata e incuestionable dos efectos da comunicación (Torregrosa e Martín, 2009, p. 357). Entenderase polo tanto que existen unha serie de variables do receptor que condicionan os efectos que o discurso mediático pode producir nos espectadores. Estas variables teñen que ver cas concepcións previas sobre os diversos asuntos que se abordan nos medios e o próxima que sexa esa comunicación. É dicir, contará con un maior impacto a información que apoie as interpretacións que xa se teñen de antemán e que se leve a cabo a través do contacto directo. Estas teorías adoitan encadrarse nun *modelo psicodinámico*, no cal adoptan unha especial relevancia os factores mediadores. Outorga un poder moito máis limitado ós medios de comunicación e asume as audiencias como elementos activos. O efecto, polo tanto, contemplárase como condicionado, entendido baixo principios de acción acumulativa e mediatizado polas opinións previas das audiencias. Esta perspectiva está entendida baixo unha “concepción redutora” (Rodríguez, 2007, p. 38) dos efectos e do poder da comunicación de masas sobre as audiencias. Na conceptualización de Lazarsfeld, existen unha serie de *factores intermediarios*, entendidos como actitudes, predisposicións, xuízos, intereses subxectivos e características do contexto da acción comunicativa que posibilitan o reforzo dos propios esquemas cognitivos das audiencias. Nesta etapa asúmese, polo tanto, un *efecto de reforzo* sobre as audiencias.

O terceiro dos enfoques é o máis recente, situándose entre 1970 e a actualidade. Mantén a concepción anterior dun alcance limitado, pero entendida nun sentido máis amplo. Sostense que existen efectos sobre as audiencias pero que estes “*non se producen necesariamente en todos os casos senón cando se dan determinadas circunstancias*” (Torregrosa e Martín, 2009, p. 361). Os efectos deberanse entender a longo prazo e considérase que poden chegar a posibilitar profundos cambios nas formas de pensar e actuar. Polo tanto, enténdese que estes efectos interveñen de forma decisiva sobre as estruturas de coñecemento das audiencias, dando lugar a *efectos cognitivos*. Estes caracterízanse por actuar a longo prazo e verse determinados por (a) contexto que rodea a acción comunicativa e (b) existencia de diversas peculiaridades, predisposicións e actitudes entre os individuos. Tal e coma sinala a autora, a harmonía que poida existir entre as diversas informacións ás que as audiencias acceden determinarán *o nivel de afectación das mensaxes informativas sobre a poboación receptora* (Rodríguez, 2007, p. 45).

A partir de como se responde ante as informacións, e buscando os “condicionantes dos efectos”, pódese recorrer a diversas teorías explicativas, entre as cales cobran especial relevancia catro modelos de estudo: análise do cultivo, teoría dos usos e das gratificacións, teoría do medio e a teoría da espiral do silencio. Sintetizando o exposto por West e Turner (2005), o primeiro destes modelos, a *análise do cultivo*, centra os seus estudos na influencia da televisión, concretamente nos efectos que esta pode ter nas percepcións das audiencias ante unha longa exposición á mesma. O tema central desta teoría reside nas implicacións que a televisión pode ter nas concepcións das persoas sobre a realidade social. Na súa maioría, as

persoas non son “experimentadores directos” de todas as situacións ou fenómenos sobre os que teñen unha opinión, polo que buscan nos medios, a efectos desta teoría concretamente na televisión, mensaxes a través dos que articular determinada interpretación. O segundo destes modelos, a *teoría dos usos e das gratificacións*, mantén que as audiencias procuran medios de comunicación concretos, con contidos específicos, dos que esperan determinados tipos de informacións, a fin de obter unha serie de resultados. As persoas son activas porque poden examinar e elixir entre diferentes tipos de comunicacións. O terceiro destes modelos, a teoría do cultivo, analiza a relación entre a tecnoloxía e os membros dunha cultura. Aquí, a definición de tecnoloxía debe ser entendida nun sentido máis amplo, onde se ven recollidas todas aquelas innovacións no ámbito da comunicación. Sostense que a orde social é apuntálase sobre a capacidade de manexar a tecnoloxía, aportando con esta a capacidade de “modelar” e “organizar” unha cultura determinada. O cuarto destes modelos, a *teoría da espiral do silencio*, parte da premisa de que as opinións non son estáticas. Dentro desta, o concepto “opinión” está dando conta da coñecida como “opinión pública” e é entendida coma unha manifestación de determinados pensamentos no marco da relación entre persoas (Noelle-Neumann, 2010). Cando determinada opinión é percibida por unha persoas como minoritaria, descende o volume de comunicacións sobre esta cuestión: invisibilízase nos medios, perde espazo na rúa... Mentres tanto, a que é percibida como opinión maioritaria adopta unha tendencia oposta: aumenta a súa presenza nos medios e maniféstase abertamente na rúa (West e Turner, 2005).

A efectos da análise posterior e de interpretación do fenómeno estudado, a obra de Noelle-Newman cobra especial interese. Nas sociedades formalmente igualitarias nas que estivo gañando peso un discurso de rexeitamento e denuncia das violencias cara as mulleres, estase a desenvolver un contradiscurso patriarcal en forma de *“reacción contra os valores históricos do feminismo”* (De Miguel, 2017, p. 85). Aplicando o modelo de Noelle-Neumann, pódese interpretar que, nun contexto no que comezan a xerminar ideas de igualdade real e deslexitimación das diferentes desigualdades por cuestións de xénero, o “núcleo duro” patriarcal está a desenvolver un discurso adaptado ó novo contexto social.

Enténdese que os medios de comunicación elaboran as súas informacións tendo en conta a perspectiva de xénero cando estas baséanse en criterios de igualdade e non discriminación das mulleres. De forma máis concreta, e recorrendo ó exposto por Pilar López (2007) asúmese que estes suxéitanse nesos criterios se denuncian as dificultades estruturais cas que se atopan as mulleres e colaboran na demolición das mesmas. Porén, neste eido tamén resulta salientable a necesidade de reforzar a función que potencialmente desenvolve a audiencia como receptora das informacións xornalísticas nesta materia.

Esta mesma autora xa elaborara en 2006 un *Manual de Urxencia* que foi adoptado pola RTVE, xunto con todas as cadeas autonómicas menos a catalá e a vasca, as cales desenvolveron os seus propios manuais. Ademais, adheríronse ó mesmo tres cadeas privadas: Antena3, Telecinco e Canal +. Os principios básicos arredor dos cales estruturábase este documentos son (1) apostar son un contexto explicativo do suceso, (2) non facer fincapé nos datos cuantitativos de vítimas, (3) non empregar imaxes que poidan desvelar a identidade da vítima,

(4) evitar ofrecer información sobre o estrato social e a nacionalidade e (5) non transmitir a idea de que existe un “perfil” de vítima nin un “perfil” de agresor (Bernárdez, 2015).

3.2. A LINGUAXE, A COMUNICACIÓN E A VIOLENCIA:

Tratando de establecer unha orde lóxica entre os tres conceptos que se recollen neste epígrafe (linguaxe, comunicación e violencia) fórmulase a seguinte afirmación: as comunicacións sobre violencias cara as mulleres están mediatizadas por unha linguaxe determinada que pode crear un ou máis espazos de significado e interpretación. Tratando de apoiar esta afirmación, recórrese ás aportacións de diversos autores que traballaron na liña da socialización e do discurso.

As relacións sociais supoñen interaccións simbólicas que poden ser interpretadas como relacións de comunicación. Estas están suxeitas a relacións de poder simbólico que se distribúen de xeito desigual (Bourdieu, 1985, p. 11). Así, os intercambios comunicativos entre os medios de comunicación e as súas audiencias con respecto á problemática social que se está abordando deberán ser entendidos dentro dunha *“estructura ideolóxica e social que reforza a diferenza de poder dun xénero sobre outro”* (Bernárdez, 2015, p. 246).

A violencia supón o esgotamento da rede simbólica que posibilita a orde social. Tratando de aportar unha definición ampla do concepto violencia, recórrese ó planeamento ofrecido por Solnit (2015, p. 14) no que se entende por violencia *“toda forma de silenciar ás persoas, de negarles a súa voz e a súa credibilidade, de afirmar o teu dereito a controlalas sobre o seu dereito a existir”*. A sociedade moderna tivo xerado mecanismos para evitar que a violencia se manifeste. Segundo as teorías do estrutural funcionalismo, estes mecanismos baséanse na asimilación de determinados valores e normas a través do proceso de socialización. Cando iso non ocorre, obsérvase como resultado un estado de anomia social. Baixo este paradigma, entenderase a violencia, de xeito xenérico, como a *“rección derivada da frustración de expectativas”* que se produce cando o sistema social non permite ou non outorga a posibilidade de acadar ditas expectativas (Galindo, 2009).

A violencia contra as mulleres sempre tivo existido, atopándose plenamente arraigada e presente na sociedade. Constitúe, ademais, unha ferramenta de poder suxeitada nun aparato de crenzas e valores que a lexitima e a perpetúa. Así, ate que se produce unha toma de conciencia sobre esta realidade, permanece oculta e invisible (Petit e Prat, 2011).

Este escenario sitúase dentro dunha realidade, tal e coma foi definida por Bourdieu (2015, p. 12), de *dominación masculina*, suxeitada na *“violencia simbólica [...] amortiguada, insensible, e invisible para a súas propias vítimas, que exercece esencialmente a través dos camiños puramente simbólicos da comunicación e do coñecemento ou, máis exactamente, do descoñecemento, do recoñecemento ou, en último termo, do sentimento”*. A través do exposto polo autor, extráese que o principal fundamento que permite a perpetuación das desigualdades de xénero é a violencia simbólica. Non se debe perder de vista que as violencias cara as mulleres supoñen a máxima representación da desigualdade. Así, a forma que adopta a linguaxe, e o tipo de contidos que se transmiten, terá unha relación directa no mantemento ou

non do sistema de dominación masculina definido pola teoría feminista como sistema patriarcal.

Nesta investigación tómase como referencia na transmisión desas mensaxes e deses contidos ós medios de comunicación, xa que constitúen a partir do século XX o “*foro de discusión pública*” máis representativo (Bernárdez, 2015, p. 90). Tratando de aproximarse a esta cuestión, resulta de interese observar as transformacións no discurso empregado para informar sobre acontecementos relacionados cas violencias cara as mulleres. De forma máis específica, cobra relevancia a conceptualización empregada para nomear as diferentes formas que estas adoptan. A manifestación da cal existe unha maior diversidade, e un abano máis amplo de investigacións específicas que traballaron nesta materia, é a violencia de xénero. A efectos deste traballo, e tal e como se comentaba na introdución teórica, esta enténdese como aquela violencia exercida dos homes cara as mulleres mediatizada dentro dunha relación afectiva, tal e coma se deduce da Lei 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Inxírese, polo tanto, dentro do perímetro clásico da parella e adoitouse interpretar como un fenómeno privado, restrinxido ó entorno doméstico. Neste contexto debe ser interpretada a evolución que se recolle a continuación e que se sitúa entre mediados do século XX e a actualidade. A revisión foi realizada a partir do traballo de Calleja (2016), no que se analiza esta realidade a partir do tipo de connotacións asociadas ós diferentes conceptos empregados.

Nun inicio, durante a Ditadura Franquista (1939-1975) e parte da Transición Democrática (1975-1978), o concepto *crime pasional* foi empregado para designar o asasinato dunha muller por un home co que tiña un vínculo afectivo. A circunstancia de “pasional” constituía un eximente da responsabilidade criminal do perpetrador do delito. Aínda que esta conceptualización fora aparentemente desterrada, é frecuente que este adxectivo apareza ó longo dalgunhas novas que informan sobre situacións de violencias cara as mulleres.

Esta idea deu paso a outra máis descritiva, e comezouse a empregar o concepto de *violencia doméstica*. É recorrente encontrar na literatura da época a especificación *violencia doméstica cara ás mulleres*. Asímesa máis descritivo debido a que fai referencia ó marco no cal se producen os feitos violentos: a casa. Supón un avance con respecto ó de *crime pasional*, pero continúa a ser impreciso.

O concepto de *violencia de xénero* consagrou o seu emprego na maioría dos medios de comunicación a partir da promulgación da Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Porén, suscitou, e suscita, fortes polémicas e existen sectores que mostran o seu rexeitamento frontal ó termo. Calleja (2016, p. 24) recolle con especial exactitude o avance que supón empregar esta nova terminoloxía, xa que “falar de xénero implica recoñecer que existe unha construción cultural na que cada un dos sexos teñen adxudicado e consolidado determinados roles e estereotipos que, historicamente, téñense naturalizado e incorporado ó imaxinario colectivo”.

Ca intención de evitar a polémica que suscita o termo anterior, na actualidade é frecuente atopar fórmulas alternativas entre as que destaca a de *violencia machista* ou *violencia patriarcal*. A diferenza do concepto anterior, sitúa determinado pensamento como xerme dos asasinatos e dos abusos ás mulleres. Compre facer mención a unha realidade que non adoita

contar con unha terminoloxía concreta pero que si se recolle habitualmente nos medios de comunicación cando estes informan sobre novos casos de violencia de xénero. Este é o de *violencia vicaria*, o cal referencia un tipo de violencia secundaria á vítima principal. O máis habitual é que esta sexa exercida cara a descendencia ou os proxenitores (Calleja, 2016). Sobre isto último falan Fernández e Noblejas (2007), alertando sobre as elevadas cifras de maltrato infantil circunscrito en casos de violencia de xénero.

Existe un denominador común entre as diferentes formas que foron e que son empregadas para informar sobre este fenómeno: a visión ofrecida é simplificada e non recolle o carácter estrutural e social da problemática (Gutiérrez, Notario e Martínez, 2009).

Con respecto ás dúas manifestacións restantes de violencias cara as mulleres que se abordan nesta investigación (o abuso sexual e o acoso sexual) resulta máis complicado establecer unha serie cronolóxica de transformacións sufridas no tratamento xornalístico. Porén, estas informacións atópanse sometidas ós mesmos principios vertebradores observados para o caso da violencia de xénero.

Os cambios observados na evolución recollida neste epígrafe poden responder a diversas cuestións. Por unha banda, atópanse as relacionadas cos cambios producidos na propia lexislación, a cal dótanse dunha conceptualización concreta e acompañanse dunha serie de medidas e restricións en materia de comunicacións sobre esta problemática social. Por outra banda, atópanse as relacionadas cos cambios de valores da poboación.

3.3. AS POLÍTICAS PÚBLICAS EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO:

Este epígrafe está encamiñado a tratar abordar a realidade normativa en materia de violencia cara as mulleres e tratamento mediático. Así, a continuación levarase a cabo unha aproximación ó contido relativo ós medios de comunicación que se recolle nas políticas públicas formuladas e implementadas a fin de combater esta problemática social. Estas son dúas: a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Ademais, incorporouse á análise e Lei 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, a cal non aporta medidas sobre tratamento mediático pero resulta de interese para a contextualización normativa de dúas das manifestacións da violencia cara as mulleres tidas en consideración para este estudo: o abuso sexual e o acoso sexual.

Tal e coma recolle Castro (2017, p. 77), a importancia das políticas públicas radica na súa capacidade de converterse en "*instrumento potenciador para a transformación necesaria da realidade e da superación das desigualdades estruturais*". É por este motivo que resulta necesario analizar a cobertura e a importancia que se lle concede dende as ferramentas tradicionais e habituais da política ó fenómeno social arredor do cal estrutúrase este traballo.

A principal característica diferenciadora entre as dúas políticas analizadas, ademais do seu ámbito de aplicación, é o seu grao de concreción. Como é habitual nun sistema descentralizado como o do Estado español, a lexislación desenvolvida a nivel estatal delimita o

campo de actuación e a distribución de competencias, así coma establece os rasgos xerais que caracterizarán a determinada política. Pola súa parte, a lexislación desenvolvida a nivel autonómico afondará na cuestión dentro do ámbito establecido no organismo de rango superior. Por unha banda, a Lei 1/2004 aporta un marco no que se recolle de forma xeral cales serán os principios de actuación e intervención do Estados e das diferentes Administracións e Servizos Públicos con respecto a esta problemática social, mentres que, por outra banda, a Lei 11/2007 establece como se realizarán estas actuacións e intervencións na Comunidade Autónoma galega.

Outro rasgo importante que diferencia ambas leis é a conceptualización empregada. Na Lei 1/2004 prima o emprego do concepto “violencia cara a muller”, mentres que na Lei 11/2007 emprégase case en exclusiva o termo “violencia de xénero”. Na primeira, defínese este concepto ó inicio, pero deixase de empregar ó longo da mesma, aínda que aparece en algunhas ocasións como sinónimo do anteriormente mencionado.

Na política de ámbito estatal, recoñécese, ademais, o esforzo e a loita das organizacións de mulleres pola igualdade de xénero, e afirmase que na actualidade esta problemática social produce rexeitamento colectivo e alarma social.

Así, a Lei 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero no seu artigo 1 define *violencia de xénero como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exercida sobre estas por parte dos que son ou teñan sido os seus cónxuxes ou dos que estean ou tiveran estado ligados a elas por relacións semellantes de afectividade, con ou sen convivencia*. A Lei 1/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da Violencia de Xénero, pola súa parte, tamén no artigo 1, recolle así mesmo unha definición exhaustiva pero con matices que a fan diferente da anterior. No texto, enténdese por *violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada*. Tal e coma é observable, fálase en ambos casos da desigualdade coma raíz da violencia. Porén, no caso da definición recollida no aparato normativo galego ofrécese unha interpretación máis ampla, non especificamente delimitada no ámbito da parella. Aínda así, ó longo do corpo da lei fálase de forma máis clara da contorna sobre a que se asenta a execución da mesma, adoptando os mesmos rasgos definatorios que a lei estatal.

Continuando no campo das definicións, e a fin de observar como se recollen no marco normativo os outros dous conceptos chave nesta investigación (abuso sexual e acoso sexual), rescátase a Lei 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, na cal no seu artigo 181 sostense que o *abuso sexual é aquel acto que, sen violencia ou intimidación e sen que medie consentimento, atenta contra a liberdade ou indemnidade sexual doutra persoa*. A mesma lei no seu artigo 184 define *acoso sexual como o feito de solicitar favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro, no ámbito dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos, continuada ou habitual, y con tal comportamento provocarlle á vítima unha situación obxectivo e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante*.

Desta forma, e coincidindo co exposto por Cuenca (2017, p. 13), cando se fala se acoso sexual fálase dun entorno laboral ou docente e baséase no desequilibrio de poder. Así, “os homes mostran a súa superioridade cunha serie de actitudes entre as que destaca tratar á muller como un obxecto sexual”.

As medidas relacionadas cos medios de comunicación sitúanse dentro das medidas de detección, sensibilización e prevención (artigos 11, 12, 13 e 14). Conviven con moitas outras, repartidas en diferentes ámbitos de actuación, entre os que destacan o educativo e o sanitario. Estas medidas recóllense a continuación:

- Emisión dunha publicidade ilícita, implicando a supresión do emprego da imaxe das mulleres con carácter vexatorio ou discriminatorio.
- Papel activo dos medios de comunicación, promovendo acordos de autorregulación en materia de cumprimento da lexislación publicitaria que garantan a difusión das novas relacionadas ca violencia cara as mulleres baixo criterios de 1/ obxectividade informativa, 2/ defensa dos Dereitos Humanos, liberdade e dignidade das mulleres vítimas de violencia e os seus fillos e 3/ particular coidado ó tratamento gráfico das informacións.

Na política de ámbito autonómico, as medidas relacionas cos medios de comunicación sitúanse dentro das medidas de prevención e sensibilización cara a violencia de xénero, podendo ser agrupadas da forma que se recolle na **Táboa I**.

En síntese, os eixos reguladores das comunicacións en materia de violencia cara as mulleres que se establecen nestas dúas políticas públicas non se atopan claramente delimitados e resultan pouco operativos. Aínda así, constitúen un inicio e aportan un soporte sobre o que construír un modelo regulado de tratamento deste tipo de informacións.

Táboa I: Medidas prevención e sensibilización cara a violencia de xénero en Galicia

<p><i>Tratamento da información</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Eliminación de contidos contrarios á igualdade de xénero nos medios con titularidade pública. • Velarase polo adecuado tratamento das novas sobre violencia de xénero, agregando información sobre recursos de prevención, asistencia e protección existentes en Galicia e procurarase o respecto á intimidade das vítimas. • Editarase un manual de estilo dirixido ós profesionais dos MMCC.
<p><i>Convenios de autorregulación</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promoveranse acordos e convenios de autorregulación sobre esta cuestión. Serán de carácter deontolóxicos.

<p><i>Contidos e publicidade en relación ca violencia de xénero</i></p>	<ul style="list-style-type: none">• Evitarase a realización e a difusión de contidos publicitarios que banalicen ou inciten á violencia de xénero, conteñan mensaxes misóxenos ou atenten contra a dignidade das mulleres.• A publicidade levada a cabo dende a Administración Autonómica realizarase de acordo a principios de igualdade e poderá exercer de oficio en accións legais contra publicidade que non respecten este principio.
---	--

Fonte: Elaboración propia a partir da información extraída da Lei 1/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da Violencia de Xénero, artigos 9, 10 e 11.

4. DESEÑO METODOLÓXICO:

Neste epígrafe búscase recoller as características máis relevantes da metodoloxía empregada así coma xustificar as decisións relacionadas ca investigación tomadas durante o proceso.

A fin de aproximarse ó obxecto de estudo, nesta investigación desenvolveuse unha metodoloxía mixta baseada na técnica de análise do contido cuantitativo e cualitativo. O obxectivo desta técnica é aportar o material empírico necesario para coñecer a articulación do discurso mediático entorno á violencia cara as mulleres. A través da análise de contido búscase, ademais, poder establecer as características principais das informacións e as mensaxes que se transmiten.

Tratando de achegar a lóxica sobre a que se asenta a técnica de investigación empregada, recórrese a definición de Krippendorff (1990, p. 28 - 30), na que sostense que a *“análise de contido é unha técnica de investigación destinada a formular, a partir de certos datos, inferencias reproducibles e válidas que poidan aplicarse ó contexto”*. Este, polo tanto, constitúe un método de investigación do *“significado simbólico das mensaxes”*. O mesmo autor expresa que débese ter en conta dúas características fundamentais: (1) que as mensaxes analizadas están suxeitas a diferentes interpretacións xa que *“encerran multiplicidade de contidos”* e (2) que os resultados deben ser contextualizados nunha perspectiva cultural e sociopolítica concreta. O obxectivo desta técnica é, polo tanto, aproximarse da forma máis fiel posible a estes contidos buscando formular o tipo de interpretacións que realizaría a persoa receptora ante determinadas mensaxes ou contidos.

Recollendo as palabras de Holsti sobre esta cuestión, Alonso, Volkens e Gómez (2012, p. 14) afirman que a análise de contido debe ser *“obxectivo, sistemático e xeral”*. No exposto por Wimmer e Dominick (1996, p. 174), pódense establecer 9 fases diferenciadas sobre da análise de contido:

1. Formulación da pregunta de investigación.
2. Definición da poboación de análise.
3. Selección, partindo da dita poboación, dunha mostra axeitada.
4. Elección e definición das unidades de análise.
5. Construción das categorías de contido que van ser empregadas.
6. Determinación do sistema de cuantificación.
7. Codificación do contido de acordo cas definicións establecidas.
8. Análise dos datos obtidos.
9. Formulación de conclusións e busca de explicacións.

Na medida do posible, neste TFG mantívose este esquema para a adecuada aplicación da técnica de investigación. Nun primeiro momento reflexionouse sobre que realidade queríase coñecer, dando lugar ó establecemento da pregunta de investigación: *como é tratamento mediático que se realiza da violencia cara as mulleres na actualidade?* Unha vez establecida a pregunta, foi necesario concretar en que termos se realizaría esta análise, o que deu lugar á selección da prensa escrita como medio sobre o que se quería poñer o foco neste estudo. Así, dentro de todos os xornais que son editados na actualidade, seleccionáronse dous: ABC e EL

PAÍS. Ambos medios contan cun gran percorrido no Estado español. No caso do ABC consultouse a edición para Galicia, mentres que no caso de EL PAIS isto non foi posible xa que non realiza edicións específicas por Comunidade Autónoma. O ABC constitúese como un xornal de corte conservadora, que rexistrou aproximadamente 418.000 lectores e lectoras diarios no ano 2017 segundo a AIMC⁵. EL PAIS, pola súa parte, encádrase nunha corte máis progresista situándose arredor de 1.080.000 lectores e lectoras segundo a mesma fonte.

O espazo temporal observado ubícase no último semestre do ano 2017, exceptuando decembro. O *corpus* de materiais resultante atópase composto por 219 casos e confórmanse de novas e artigos de opinión extraídos destes dous xornais e publicados ó longo de cinco meses. Na revisión empregouse a versión en papel pola súa *capacidade retroactiva*, é dicir, porque permite revisar novas e artigos xa publicados e polo seu *aspecto invariable*, xa que, a diferenza da versión dixital, non existen modificación nas mesmas unha vez publicadas. Ademais, este sistema permitiu agrupar a recollida de material empírico nun período máis concentrado no tempo.

Tratando de sistematizar a recompilación, empregouse unha *ficha de recollida de novas* (ANEXO 1), composta por un total de 11 variables, máis código, 7 cuantitativas e 4 cualitativas. Posteriormente, creáronse 3 variables máis de carácter cualitativo a fin de facer máis precisa a análise e facilitar e completar a interpretación dos resultados. Estas atópanse descritas a continuación, co propósito de revisar brevemente que tratan de medir. Ademais, na *Táboa II* realízase unha vinculación entre cada variable e a súa natureza (cualitativa ou cuantitativa), así coma o obxectivo no que se traduce. Ca información recompilada a través destas variables, creouse unha base de datos no programa *IBM SPSS Statistics v.20*, empregada para extraer os estatísticos descritivos univariables e bivariales (ANEXO 2) xunto cas probas de asociación.

Código: correspóndese ca variable 1, e busca identificar as novas. Este confórmanse cas iniciais do periódico, a data de publicación e unha letra final que poida diferenciar as novas entre si no caso de que haxa máis de unha por día.

Xornal: correspóndese ca variable 2, e busca identificar o xornal do que son extraídas as novas. Aquí, só se atopan dúas categorías (a) “EL PAÍS” e (b) “ABC”.

Data de publicación: correspóndese ca variable 3, e busca identificar a data na que foi publicada a nova. Aínda que durante a construción da base de datos os valores desta variables foron introducidos de forma desagrupada (cada caso contaba ca data concreta formada por día/mes/ano), posteriormente foron recodificadas por “mes de publicación”, a fin de facilitar a interpretación dos resultados.

Localización: correspóndese ca variable 4, sendo desagrupada en catro dimensións a fin de precisar con maior exactitude as características relacionadas co lugar que determinada nova ocupa dentro do xornal:

⁵AIMC - Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación- . *Nº de lectores diarios dos principais xornais españois en 2017*, España.






Sección: correspóndese ca variable 4.1 a cal sitúa a nova dentro dun apartado concreto dentro do xornal.

Páxina da sección: correspóndese ca variable 4.2, a cal sitúa a nova dentro do apartado concreto que ocupa. A fin de retratar da forma máis fiel posible o espazo que os diferentes casos de análise ían ocupando nas diferentes seccións, os valores desta variable conformábanse en formato fracción, onde o denominador era o número total de páxinas da sección e o numerador o número de páxina no que se atopaba a nova. Durante a fase de codificación, creáronse tres categorías nas que clasificar os diferentes resultados obtidos: (a) “*inicio*”, (b) “*medio*”, (c) “*final*”.

Orientación na páxina: correspóndese ca variable 4.3, a cal identifica se a nova atópase nunha páxina par ou impar, dando lugar a dúas categorías: (a) “*dereita*”, (b) “*esquerda*”.

Posición na páxina: correspóndese ca variable 4.5, mediante a cal recóllese o lugar que ocupa a nova dentro da páxina. A fin de simplificar esta recollida, só se tomou en conta o cuadrante no que se situaba. Porén, durante a codificación foi necesario crear categorías que albergasen e organizasen a información obtida, a fin de facilitar a interpretación dos resultados: (a) “*cuadrante superior*”, (b) “*cuadrante inferior*”, (c) “*cuadrante dereita*”, (d) “*cuadrante esquerda*” e (e) “*completo*”. Na **Táboa III** afóndase sobre a interpretación das categorías resultantes desta variable durante a fase de construción da base de datos.

Táboa II: Ampliación variable V4.4

CADRANTE SUPERIOR	
CADRANTE INFERIOR	
COMPLETO DEREITA	
COMPLETO ESQUERDA	
COMPLETO	

Fonte: Elaboración propia

Portada: correspóndese ca variable 5, e busca identificarse a nova aparece referenciada na portada. Non recolle a forma na que se referencia a nova en portada. É dicir, non da conta da extensión de dita referencia nin de se ven acompañada por unha fotografía. Ademais, para o caso do ABC entenderase por “portada” tanto a primeira coma a segunda páxina, xa que ambas reúnen as características habituais dunha portada de xornal. Na **Ilustración 1**, pódese observar esta cuestión.

Ilustración 1: Exemplo portadas ABC



Fonte: Hemeroteca online do ABC

Extensión: correspóndese ca variable 6, e busca recoller o número de liñas que foron empregadas para elaborar a nova.

*Fotografía*⁶: correspóndese ca variable 7, sendo desagrupada en catro dimensións a fin de precisar con maior exactitude as características relacionadas ca imaxe que acompaña o texto da nova:

*Presenza*⁷: correspóndese ca variable 7.1, e busca identificarse a nova aparece ou non unha fotografía acompañando á nova.

*Ubicación*⁸: correspóndese ca variable 7.2, e busca recoller o lugar que ocupa a fotografía dentro da páxina. A fin de simplificar esta recollida, só se toma en conta o cuadrante no que se sitúa. Porén, e ó igual que ocorría ca V4.4, durante a codificación foi necesario crear categorías que albergasen e organizasen a información obtida, a fin de facilitar a interpretación dos resultados: (a) “cuadrante superior”, (b) “cuadrante inferior”, (c) “ambos”.

⁶ Dentro desta variable elimínase a dimensión COR xa que todas as fotografías que se inclúen nos dous xornais elixidos están en cor. Ademais, compre ter en conta que, para esta análise, non se rexistraron nin as infografías nin as gráficas.

⁷ Na ficha de recollida de novas e na base de datos esta variable recóllese baixo o título FOTOGRAFÍA.

⁸ Na ficha de recollida de novas e na base de datos esta variable recóllese baixo o título LOCALIZACIÓN.

Tamaño: correspóndese ca variable 7.3, e busca identificar o tamaño da fotografía, empregando tres categorías (a) “pequena”, (b) “mediana” (c) “grande”.

Pé de foto: correspóndese ca variable 7.4, e busca albergar o contido exacto dos textos que acompañan ás imaxes.

Titular: correspóndese ca variable 8, e alberga o contido exacto dos titulares que acompañan ás novas.

Subtítulo: correspóndese ca variable 9, e busca albergar o contido exacto dos subtítulos que acompañan ás novas. Compre ter en conta que esta variable foi ampliada tras o deseño e peche da *ficha de recollida de novas* para que incluía tamén ós antetítulos.

Identidade do autor/a: correspóndese ca variable 10, e busca recoller o nome da persoa que asina as novas. No caso das novas que aparecen asinadas baixo siglas ou nas que non consta sinatura, clasificáronse dentro da categoría “*sen definir*”.

Xénero do autor/a: correspóndese ca variable 11, e busca clasificar os valores da variable 9 en tres categorías: (a) “home”, (b) “muller” (c) “sen definir”.

Tipo de violencia: correspóndese ca variable 12, e busca clasificar as novas a partir do tipo de violencia que recollan. Estas categorías foron aplicadas nunha fase posterior á recollida de datos, a fin de organizar as novas obtidas unha vez revisadas. Os ítems xa foran establecidos dende a primeira fase da investigación: (a) “*violencia de xénero*”, (b) “*abuso sexual*” (c) “*acoso sexual*”. Fíxese necesario crear unha categoría máis denominada (d) “*outros*” para tipificar aqueles casos que aborden máis dun tipo de violencia.

*Natureza da nova*⁹: correspóndese ca variable 13, e busca agrupar as novas a partir de criterios que axuden a interpretar os resultados obtidos. As categorías resultantes son as seguintes: (a) “*caso Juana Rivas*”, (b) “*caso Hollywood*”, (c) “*caso San Fermíns*”, (d) “*casos anónimos*”, (e) “*columnas de opinión*”, (f) “*sensibilización*”.

Estrutura da nova: correspóndese ca variable 14, e trata de establecer as partes que compoñen as diferentes novas, buscando os elementos comúns entre xornais e entre tipos de violencias.

Sobre a variable *tipo de violencia* e a variable *natureza da nova* compre realizar algunhas puntualizacións necesarias á hora de entender como se realiza a adscrición de casos ás diferentes categorías. Dentro da categoría “*violencia de xénero*” atópanse todas aquelas novas que abordan casos cas características mencionadas no aparato normativo, e que neste documento recóllense no Marco Teórico, independentemente da súa consideración dentro da nova. O “*caso Juana Rivas*” enténdese dentro desta categoría por existir unha situación de maltrato previa. Porén, conta cunhas peculiaridades propias que fan necesaria a súa separación doutro tipo de novas dentro desta mesma categoría.

⁹ Na base de datos esta variables recóllese baixo o nome SUBTIPO.

Dentro da categoría “*abuso sexual*” atópanse todas aquelas novas que implican abusos sexuais de homes cara mulleres independentemente da idade das vítimas. Isto significa que aquí atoparanse casos de vítimas tanto maiores de idade coma menores. Exceptúanse nesta categoría as que se desenvolvan no eido laboral e tipifícanse na categoría “*acoso sexual*”. O “*caso San Fermíns*” considérase dentro desta categoría, propiamente o “da Manada” e outros procedentes desta mesma celebración. Non se realizará diferenciación entre se se fala de agresións ou de abusos, entendendo que existen diferenzas claras pero que a efectos desta investigación incluíranse todas as manifestacións de violacións á liberdades sexuais –fora do entorno laboral- dentro de “*abuso sexual*”.

Do mesmo xeito que as anteriores, dentro da categoría “*acoso sexual*” atópanse todas aquelas novas que reúnen as características mencionadas no aparato normativo, independentemente da súa consideración dentro da nova. O “*caso Hollywood*” considérase dentro desta categoría, reunindo novas relacionadas cos acoso perpetrados por Weinstein e outros procedentes do eido cinematográfico.

Para finalizar, na categoría “*outros*” atópanse aqueles casos minoritarios nos que non se observa de forma inequívoca a que tipo de violencia fai referencia. A categoría “*sensibilización*”, inclúe aquelas novas que falan sobre violencia de xénero, abuso sexual ou acoso sexual pero que non cobren feitos concretos senón que son reportaxes, entrevistas, reaccións sociais...

Ampliando a información necesaria para dar resposta ó *obxectivo 4* e contextualizando a realidade observada dentro dun aparato normativo concreto, realizouse a análise das principais políticas públicas nesta materia:

- Lei 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.
- Lei 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Lei 1/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da Violencia de Xénero.

Na primeira formulación da metodoloxía para esta investigación non se recollía a primeira Lei anteriormente descrita. Porén, recorreuse a ela unha vez iniciada a análise cualitativa, ante a necesidade de ofrecer unha definición que permitise clasificar os casos de abuso e os de acoso sexual. Aínda así, nesta política non se recollen recomendacións sobre o tratamento xornalístico destas novas, polo que só resulta útil para unha parte da análise.

Esta investigación levouse a cabo entre decembro de 2017 e xuño de 2018. A fin de rexistrar e organizar as tarefas desenvolvidas para levalo a cabo, elaborouse o cronograma que se recolle no ANEXO 3. Nel sitúanse as principais fases desta investigación, que á súa vez correspóndense ca maioría dos seccións deste documento, e o período no que foron realizadas.

No ANEXO 4 seleccionouse unha pequena mostra do *dossier de prensa*. O *dossier de prensa* completo e a *base de datos* final recóllense no CD achegado con este documento. O primeiro componse do total de novas e das súas respectivas fichas de recollida, mentres que o segundo fórmano o total das variables empregadas acompañadas polas puntuacións obtidas en cada

un dos casos analizados. Ademais, pódese acceder a ambos a través do enlace aberto e do código QR que figuran a continuación:

<https://www.dropbox.com/sh/bzw2bm6dj65mgmv/AAAmD0Ga1kj4C4i8X9cqjzaLa?dl=0>



Táboa III: Resumo das variables e vencellamento cos obxectivos de investigación

VARIABLE		NATUREZA DA VARIABLE		OBXECTIVO	
V1	CÓDIGO	-		-	
V2	MEDIO	CUANTITATIVA		<i>Obxectivo 2 e 3</i>	
V3	DATA DE PUBLICACIÓN	CUANTITATIVA		<i>Obxectivo 2 e 3</i>	
V4	LOCALIZACIÓN	V4.1	SECCIÓN	CUANTITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>
		V4.2	PÁXINA DA SECCIÓN	CUANTITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>
		V4.3	ORIENTACIÓN NA PÁXINA	CUANTITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>
		V4.4	POSICIÓN NA PÁXINA	CUANTITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>
V5	PORTADA	CUANTITATIVA		<i>Obxectivo 2 e 3</i>	
V6	EXTENSIÓN	CUANTITATIVA		<i>Obxectivo 2 e 3</i>	
V7	FOTOGRAFÍA	V7.1	FOTOGRAFÍA	CUANTITATIVA	<i>Obxectivo 2, 3 e 4</i>
		V7.2	UBICACIÓN	CUANTITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>
		V7.3	TAMAÑO	CUANTITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>
		V7.4	PÉ DE FOTO	CUALITATIVA	-
V8	TITULAR	CUALITATIVA		<i>Obxectivo 2 e 3</i>	
V9	SUBTÍTULO	CUALITATIVA		-	

V10	IDENTIDADE AUTOR/A	CUANTITATIVA	-
V11	XÉNERO AUTOR/A	CUALITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>
V12	TIPO DE VIOLENCIA	CUALITATIVA	<i>Obxectivo 1, 2 e 3</i>
V13	NATUREZA DA NOVA	CUALITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>
V14	ESTRUTURA DA NOVA	CUALITATIVA	<i>Obxectivo 2 e 3</i>

Fonte: Elaboración propia

5. ANÁLISE DE RESULTADOS:

Tal e coma se recollía no apartado anterior, a metodoloxía empregada nesta investigación é cuantitativa e cualitativa. A través destas dúas metodoloxías aplicadas á técnica de análise de contido pódense recoller, clasificar e interpretar datos referentes ás novas publicadas entre xullo e novembro de 2017 do xornal EL PAÍS e do ABC relativas ás violencias cara as mulleres, especificamente para o caso da violencia de xénero, o abuso sexual e o acoso sexual. Neste apartado abórdanse de xeito sistemático os resultados obtidos da análise das variables, a fin de describir as características de cada unha e establecer as comparacións necesarias para acadar os obxectivos de investigación.

Ca finalidade de organizar e estruturar os resultados obtidos, este apartado divídese en tres epígrafes, o primeiro deles introdutorio ó material analizado, o seguinte elaborado a partir das diferenzas e semellanzas atopadas entre (a) xornais e (b) tipos de violencias e o último comparando brevemente as características observadas no corpus de novas e o recollido na norma vixente sobre comunicación mediática e violencia cara as mulleres e fin de analizar en que medida se axustan estas dúas realidades.


5.1. APROXIMACIÓN Ó MATERIAL DE ANÁLISE

Este epígrafe busca describir as características máis relevantes do corpus de novas analizadas. A partir da distribución por xornal e por tipo de violencia pódese realizar unha aproximación ós rasgos máis significativos cos que conta o material empírico empregado para realizar esta investigación.

Coma se comentaba anteriormente, o total de novas recompiladas sitúase en 219 e o espazo temporal observado estableceuse entre xullo e novembro de 2017. Os xornais dos cales se extrae este material empírico son o ABC e EL PAÍS, ambos na súa versión en papel.

Para contextualizar o volume de novas que cada un dos medios aporta no total de casos analizados, pódese recorrer ó **Gráfico 1**. É observable como ambos están equilibrados, rexistrando EL PAÍS 11 novas máis que o ABC, o que supón un 10% de diferenza.


Gráfico 1: Distribución do total de novas por xornal



Fonte: Elaboración propia

Atendendo á distribución mensual, agosto supón, dentro do período observado, o mes no que máis publicacións se realizan, aportando 61 casos, seguido por outubro con 50. O mes con menos novas é setembro, con 33, seguido de xullo con 36 e novembro con 39. A media por mes sitúase en 44 novas. No **Gráfico 2**, atópase a representación gráfica das distribucións de todos os meses en función do xornal do que se extraen.


Gráfico 2: Distribución por mes de publicación a partir do xornal



Fonte: Elaboración propia

A grandes rasgos, e tal e coma recolle o **Gráfico 3**, o volume que aportan cada tipo de nova é desigual. A máis representada nos medios observados é a violencia de xénero, seguida polo abuso sexual e o acoso sexual, ambos en posicións moi semellantes.

Gráfico 3: Distribución do total de novas a partir do tipo de violencia



Fonte: Elaboración propia

5.2. DIFERENZA DE CONTIDO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA CARA AS MULLERES

Este epígrafe busca afondar nas diferenzas que se comezaron a intuír no apartado anterior. Así, a fin de estruturar e organizar os resultado estas diferenzas clasificaranse en dous bloques: as diferenzas relativas ó xornal do que se extraen, EL PAÍS ou ABC, e as diferenzas relativas ó tipo de violencia ó que fan referencia, violencia de xénero, abuso sexual e acoso sexual.

5.2.1. Diferenzas entre xornais: EL PAÍS E ABC

Buscando dar resposta ó obxectivo número 3, *describir as diferenzas de contido no tratamento da violencia cara as mulleres entre os dous xornais analizados*, analízanse as variables máis relevantes atendendo ás diferenzas entre xornais. Estas variables son **“localización”**, dentro da cal atópanse **“sección”**, **“páxina da sección”**, **“orientación na páxina”** e **“posición na páxina”**, **“portada”** e **“fotografía”**, dentro da cal atópanse **“presenza”**, **“ubicación”** e **“tamaño”**.

De este xeito, dando comezo pola variable LOCALIZACIÓN, atópase a dimensión SECCIÓN na que a nova extraída sitúase. Compre ter en conta que non todas as sección son homólogas entre xornais; na **Táboa IV** pódese observar cales son iguais en ambos e cales diferentes.

Táboa IV: Seccións dos xornais seleccionados

SECCIÓN	EL PAÍS	ABC
<i>Contraportada</i>		
<i>Cultura</i>		
<i>Deportes</i>		
<i>Economía e negocios</i>		
<i>Editoriais</i>		
<i>Enfoque</i>		
<i>España</i>		
<i>Galicia</i>		
<i>Internacional</i>		
<i>Opinión</i>		
<i>Sociedade</i>		
<i>Xente</i>		

Fonte: Elaboración propia

Como é observable na **Táboa V**, no caso de EL PAÍS máis da metade da mostra sitúase na sección “*España*”, mentres que no ABC isto ocorre na sección “*Sociedade*”. No primeiro dos xornais ocupan o segundo e o terceiro posto a sección “*Cultura*” e “*Internacional*”, mentres que no segundo xornal fano “*Galicia*”, “*España*” e “*Xente*”.

Táboa V: Distribución das seccións por xornal

SECCIÓN	EL PAÍS		ABC		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%
<i>España</i>	64	55,7%	7	6,7%	71	32,4%
<i>Opinión</i>	7	6,1%	9	8,7%	16	7,3%
<i>Internacional</i>	14	12,2%	7	6,7%	21	9,6%
<i>Xente</i>	6	5,2%	9	8,7%	15	6,8%
<i>Cultura</i>	21	18,3%	1	1,0%	22	10,0%
<i>Sociedade</i>	0	0,0%	52	50,0%	52	23,7%
<i>Enfoque</i>	-	-	1	1,0%	2	0,9%
<i>Galicia</i>	-	-	14	13,5%	14	6,4%
<i>Editoriais</i>	-	-	2	1,9%	2	0,9%
<i>Contraportada</i>	1	0,9%	0	0,0%	1	0,5%
<i>Economía e negocios</i>	1	0,9%	0	0,0%	1	0,5%
<i>Deportes</i>	0	0,0%	2	1,9%	2	0,9%
TOTAIS	115	100,0%	104	100,0%	219	100,0%

Fonte: Elaboración propia

A segunda das dimensións que compoñen a variable LOCALIZACIÓN é a PÁXINA DA SECCIÓN. Tal e coma se comentaba anteriormente, esta variable componse de 3 categorías: “*inicio*”, “*medio*” e “*final*”.

No caso de EL PAÍS, aproximadamente un 60% das novas sitúanse na parte final da sección, mentres que o inicio e o medio atopan valores próximos ó 20%. Para o ABC, as porcentaxes atópanse máis igualadas, aínda que é notablemente superior no caso da categoría “final”. O resumo dos datos obtidos para esta variable recóllese na **Táboa VI**. As diferenzas de páxina con respecto á sección entre xornais resultan significativas podendo rexeitarse a hipótese nula de independencia estatística, significación Chi Cadrado 0,002, non obstante, a asociación entre as variables ten unha intensidade débil segundo mostra a proba V de Cramer que obtén un valor de 0,244.


Táboa VI: Distribución da páxina da sección por xornal

PÁXINA NA SECCIÓN	EL PAÍS		ABC		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%
<i>Inicio</i>	24	21,1%	31	29,8%	55	25,2%
<i>Medio</i>	21	18,4%	35	33,7%	56	25,7%
<i>Final</i>	69	60,5%	38	36,5%	107	49,1%
TOTAIS	114	100,0%	104	100,0%	218	100,0%

Fonte: Elaboración propia

A terceira das dimensións da variable LOCALIZACIÓN é ORIENTACIÓN NA PÁXINA, “dereita” ou “esquerda”. Sobre o total, máis da metade das novas, un 54%, atópanse na esquerda, o 35% na dereita e o 11% en ambas páxinas. Na **Gráfica 4** represéntase o volume que aportan por xornais sobre o volume total. No caso de EL PAÍS, esta tendencia a que as novas se atopen na páxina esquerda é máis acusada que no caso do ABC.

Gráfico 4: Distribución da orientación na páxina por xornal




Fonte: Elaboración propia

Do mesmo xeito que co cruce de variables anterior, pódese rexeitar a hipótese nula de independencia estatística segundo mostra a proba Chi Cadrado, significación 0,000, a intensidade da asociación entre variables é moderada con unha V de Cramer de 0,301.

Por último con respecto á LOCALIZACIÓN atópase a POSICIÓN NA PÁXINA. De media, o “cuadrante superior” é o máis repetido (practicamente representa o 30% das novas), aínda que se se repara na tendencia por xornal, pódese observar coma EL PAÍS conta, efectivamente, ca maior parte dos seus casos nesta posición pero no ABC o volume máis alto rexístrase na categoría “completo”, sendo lixeiramente inferior para a categoría “cuadrante superior”. No **Gráfico 5** atópase representada esta distribución. Novamente rexéitase a hipótese nula de independencia estatística (significación Chi Cadrado 0,001) con unha intensidade de asociación moderada (V de Cramer é de 0,286).


Gráfico 5: Distribución da posición na páxina por xornal



Fonte: Elaboración propia

A seguinte das variables empregadas é a PORTADA, a cal recolle se as novas contan con algunha referencia na portada. Nun 83% dos casos (**Gráfico 6**), a resposta é “non, non aparece en portada”. Aínda así, existen diferenzas en función do xornal: nun 23% dos casos, EL PAÍS realizaba algunha mención na portada sobre a nova que sería recollida no corpo do xornal, mentres que o ABC só o fixo nun 11% dos casos. Porén, a pesares de que se poida rexeitar a hipótese nula de independencia estatística (significación Chi Cadrado 0,018), a intensidade da asociación é moi débil (V de Cramer 0,160), o que quere dicir que o comportamento entre os dous xornais é moi semellante nesta variable.

Gráfico 6: Distribución da referencia en portada sobre o total




Fonte: Elaboración propia

Continuando ca comparación entre os descritivos por xornal, chégase á variable FOTOGRAFÍA, a cal contén catro dimensións. A primeira delas é propiamente a PRESENZA ou non dunha fotografía que acompañe á nova. Así, é observable coma case o 60% das mesmas contan con esta característica. Atendendo ás diferenzas por xornal, os valores son moi semellantes, aportando EL PAIS 4 puntos máis que o ABC na categoría “*si, acompáñase cunha fotografía*”. Así, non foi posible rexeitar a hipótese nula de independencia estatística xa que a significación de Chi Cadrado é de 0,615.

Dentro desta mesma variable, atópase a dimensión UBICACIÓN, a cal busca recoller o lugar onde estas fotografías son insertadas dentro do corpo da nova. Na **Gráfica 7** resulta observable coma a categoría máis repetida é o “*cuadrante superior*”, existindo poucas diferenzas entre xornais.

Gráfico 7: Distribución da ubicación da fotografía por xornal



Fonte: Elaboración propia

A última das dimensións que se aborda na variable FOTOGRAFÍA é TAMAÑO, a cal presenta notables semellanzas entre xornais. A categoría máis repetida é “*mediana*”, sendo un 10% máis alta no caso de EL PAÍS que de ABC. Así, neste último xornal as categorías atópanse relativamente preto unhas de outras, é dicir, adoptan valores semellantes. Na **Táboa VII** recóllense os resultados para cada unha das categorías agrupadas por xornal. Co isto, non foi posible rexeitar a hipótese nula de independencia estatística xa que a significación de Chi Cadrado é de 0,193.

Táboa VII: Distribución do tamaño da fotografía por xornal

TAMAÑO DA FOTOGRAFÍA	EL PAÍS		ABC		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%
<i>Pequena</i>	11	16,2%	17	28,8%	28	22,0%
<i>Mediana</i>	36	52,9%	24	40,7%	60	47,2%
<i>Grande</i>	21	30,9%	18	30,5%	39	30,7%
TOTAIS	68	100,0%	59	100,0%	127	100,0%

Fonte: Elaboración propia

A vindeira variable en ser abordada é a EXTENSIÓN, a cal mídese en número de liñas. A partir da **Táboa VII** resulta observable como a categoría máis repetida en ambos xornais é o intervalo situado entre 51 e 100 liñas. No caso de EL PAÍS, o segundo posto ocúpao o intervalo 101-150 liñas, mentres que no ABC faino o de 0-50 liñas. Tras realizar a proba ANOVA de diferenza de

medias atópase que o número medio de liñas para EL PAÍS sitúase en 112 mentres o ABC descende ate as 79 liñas.


Táboa VIII: Distribución da extensión por xornal

Nº DE LIÑAS	EL PAÍS		ABC		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
0-50	17	14,8%	35	33,7%	52	23,7%
51-100	43	37,4%	43	41,3%	86	39,3%
101-150	40	34,8%	10	9,6%	50	22,8%
151-200	10	8,7%	14	13,5%	24	11,0%
201-250	2	1,7%	2	1,9%	4	1,8%
301-350	1	,9%	0	0,0%	1	,5%
401-450	1	,9%	0	0,0%	1	,5%
550-600	1	,9%	0	0,0%	1	,5%
TOTAL	115	100,0%	104	100,0%	219	100,0%

Fonte: Elaboración propia

A derradeira variable en ser analizada neste epígrafe é XÉNERO DO AUTOR/A, non apreciando diferenzas significativas entre ambos medios, constatable a través da V de Cramer. O primeiro dato sinalable é que, de media, un 25% das novas non aparecen asinadas, ou, no caso de facelo, aparecen baixo siglas. No ABC, a categoría que conta con un maior volume é “home”, mentres que ocorre o contrario no caso de EL PAÍS. Pódese rexeitar a hipótese nula de independencia estatística (significación Chi Cadrado 0,034) aínda que cunha intensidade moi débil na asociación entre variables (V de Cramer 0,176). A representación gráfica destas dúas variables (“xénero do autor/a” e “xornal do que se extrae a nova”) atópase na **Gráfico 8**.

Gráfico 8: Distribución do xénero do autor/a por xornal



Fonte: Elaboración propia

5.2.2. Diferenzas entre tipos de violencia cara as mulleres: VIOLENCIA DE XÉNERO, ABUSO SEXUAL e ACOSO SEXUAL

A análise de contido cualitativa empregada para dar resposta ó obxectivo 1 da lugar a tres bloques diferenciados de novas a partir *do tipo de violencia* que recollen. Neste epígrafe búscase a través desta clasificación dar resposta ó obxectivo número 2, *describir as diferenzas entre o tratamento mediático que reciben estas tres manifestacións da violencia cara as mulleres*.

A grandes rasgos, e tal e coma se recollía no **Gráfico 3**, o volume que aportan cada tipo de nova é desigual. A máis representada nos medios observados é a violencia de xénero, seguida polo abuso sexual e o acoso sexual, ambos en posicións moi semellantes. A fin de comprobar se existen diferenzas nestas proporcións en función do xornal sobre o que se poña o foco, elabórase a **Táboa IX**. Resulta constatable que a tendencia a representar en maior medida a violencia de xénero dáse nos dous xornais. Porén, a proba Chi Cadrado (significación 0,002) permite rexeitar a hipótese nula de independencia entre as variables, aínda que a intensidade da asociación é baixa, con unha V de Cramer de 0,265.

Táboa IX: Distribución do tipo de violencia por xornal


Xornais	Violencia de xénero		Abuso sexual		Acoso sexual		Outros		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
<i>EL PAÍS</i>	62	51,7%	20	37,7%	32	76,2%	1	25,0%	115	52,5%
<i>ABC</i>	58	48,3%	33	62,3%	10	23,8%	3	75,0%	104	47,5%
TOTAIS	120	100,0%	53	100,0%	42	100,0%	4	100,0%	219	100,0%

Fonte: Elaboración propia

Comezando ca variable MES DE PUBLICACIÓN, obsérvanse diferenzas significativas en función do momento no que foron publicadas. Concretamente, para o coeficiente V de Cramer obtense un valor de 0,458, o que implica unha asociación media. Por unha banda, no caso da violencia de xénero destaca o mes de agosto, con 51 casos, seguido de setembro e xullo. Estes valores presentan unha incongruencia ca realidade observada posto que o mes no que máis vítimas mortais houbo foi outubro, seguido por agosto e novembro. Por outra banda, atendendo ó abuso sexual destacan o mes de novembro, xullo e agosto. Non resulta posible comparar a realidade do observado nesta cuestión, xa que as cifras sobre delitos rexistrados contra a liberdade sexual ofrécense de forma cuadrimestral e non mensual. Por último, no caso do acoso sexual, o mes que rexistra máis casos é outubro, seguido de lonxe por novembro. Para os meses restantes, non aparecen novas que recollan este tipo de violencia. Estes datos represéntanse na **Gráfico 9**. Ademais, pódese rexeitar a hipótese nula de

independencia estatística (significación Chi Cadrado de 0,000) existindo unha asociación moderada entre variables (V de Cramer 0,458).

Gráfico 9: Mes de publicación por tipo de violencia



Fonte: Elaboración propia

Continuando ca análise atópase a variable LOCALIZACIÓN, na cal se incorporan unha serie de dimensións. A primeira delas é a SECCIÓN na que se atopaban as novas seleccionadas. Observando os casos de forma global, a sección na que resulta máis frecuente situar a violencia de xénero é “España” mentres que para o abuso sexual é “Sociedade” e para o acoso sexual “Cultura”. Non obstante, cando se observa a distribución por xornal comézanse a apreciar diferenzas relevantes e un elevado índice de asociación entre variables.

Por unha banda, EL PAIS localiza o 81% das súas novas sobre violencia de xénero na sección “España”, o 80% das novas sobre abuso sexual entre “Internacional” e “España” e o 50% das novas sobre acoso sexual en “Cultura”. Rexeitase a hipótese nula de independencia estatística (significación de Chi Cadrado de 0,000) presentando unha intensidade forte na asociación entre as variables (V de Cramer 0,722).

Por outra banda, o ABC sitúa o 60% das súas novas sobre violencia de xénero na sección “Sociedade”, aínda que resulta moi salientable que un 17% ubíquense na sección “Galicia”. O 61% das novas sobre abuso sexual atópanse en “Sociedade” e “Internacional” e o 70% das novas sobre acoso sexual colócanse en “Xente”. Rexeitase de novo a hipótese nula de independencia estatística (significación de Chi Cadrado de 0,000) presentando unha intensidade moderada na asociación entre as variables (V de Cramer 0,596.).

Nas **Táboas X e XI** recóllense os datos resultantes do cruce de variables entre XORNAL, SECCIÓN e TIPO DE VIOLENCIA.

Táboa X: EL PAÍS - Distribución da sección por tipo de violencia

Sección	Violencia de xénero		Abuso sexual		Acoso sexual		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%	N	%
<i>España</i>	50	80,6%	10	50,0%	4	12,5%	64	55,7%
<i>Opinión</i>	5	8,1%	1	5,0%	1	3,1%	7	6,1%
<i>Internacional</i>	3	4,8%	6	30,0%	5	15,6%	14	12,2%
<i>Xente</i>	0	0,0%	1	5,0%	5	15,6%	6	5,2%
<i>Cultura</i>	3	4,8%	2	10,0%	16	50,0%	21	18,3%
<i>Enfoque</i>	0	0,0%	0	0,0%	1	3,1%	1	,9%
<i>Contraportada</i>	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	,9%
<i>Economía e negocios</i>	1	1,6%	0	0,0%	0	0,0%	1	,9%
TOTAIS	62	100,0%	20	100,0%	32	100,0%	115	100,0%

Fonte: Elaboración propia

Táboa XI: ABC - Distribución da sección por tipo de violencia


Sección	Violencia de xénero		Abuso sexual		Acoso sexual		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%	N	%
<i>España</i>	5	8,6%	2	6,1%	0	0,0%	7	6,7%
<i>Opinión</i>	5	8,6%	3	9,1%	0	0,0%	9	8,7%
<i>Internacional</i>	0	0,0%	6	18,2%	1	10,0%	7	6,7%
<i>Xente</i>	1	1,7%	1	3,0%	7	70,0%	9	8,7%
<i>Cultura</i>	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	1,0%
<i>Sociedade</i>	35	60,3%	14	42,4%	2	20,0%	52	50,0%
<i>Enfoque</i>	0	0,0%	1	3,0%	0	0,0%	1	1,0%
<i>Galicia</i>	10	17,2%	4	12,1%	0	0,0%	14	13,5%
<i>Editoriais</i>	2	3,4%	0	0,0%	0	0,0%	2	1,9%
<i>Deportes</i>	0	0,0%	2	6,1%	0	0,0%	2	1,9%
TOTAIS	58	100,0%	33	100,0%	10	100,0%	104	100,0%

Fonte: Elaboración propia

Nesta mesma liña atópase a PÁXINA DA SECCIÓN, na cal obsérvase a mesma tendencia que cando se realizaba a comparativa por xornais, exceptuando o caso do acoso sexual. É dicir, as porcentaxes máis altas atópanse na categoría “final” para a violencia de xénero (60%) e para o abuso sexual (55%) pero na categoría “inicio” para o acoso sexual (55%).

Continuando nas diferentes dimensións da variable LOCALIZACIÓN, atópase a ORIENTACIÓN NA PÁXINA, a cal é recoñecible no **Gráfico 10**, o cal recolle as proporcións que cada tipo de novas aporta sobre o total de novas situadas na páxina dereita e na páxina esquerda. O 54% das novas atópanse á esquerda da páxina, as cales contan habitualmente con unha menor visibilidade.

Gráfico 10: Distribución da orientación na páxina por tipo de violencia



Fonte: Elaboración propia

En último lugar dentro desta variable atópase POSICIÓN NA PÁXINA, ca que se pretende dar conta do lugar predominante que ocupan as novas a partir do tipo de violencia de narren. Do mesmo xeito que nas dúas anteriores variables, a violencia de xénero e o abuso sexual adoptan valores semellantes pero o acoso sexual desmárcase. Así, os dous primeiros atópanse maioritariamente no cuadrante superior mentres que o último faino na páxina completa (**Táboa XII**).

Táboa XII: Distribución da posición na páxina por tipo de violencia

Posición na páxina	Violencia de xénero		Abuso sexual		Acoso sexual		Outros		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
<i>Cuadrante superior</i>	43	35,8%	13	24,5%	5	11,9%	1	25,0%	62	28,3%
<i>Cuadrante inferior</i>	21	17,5%	12	22,6%	9	21,4%	0	0,0%	42	19,2%
<i>Cuadrante dereita</i>	21	17,5%	12	22,6%	10	23,8%	0	0,0%	43	19,6%
<i>Cuadrante esquerda</i>	18	15,0%	7	13,2%	8	19,0%	1	25,0%	34	15,5%
<i>Completo</i>	17	14,2%	9	17,0%	10	23,8%	2	50,0%	38	17,4%
TOTAIS	120	100,0%	53	100,0%	42	100,0%	4	100,0%	219	100,0%

Fonte: Elaboración propia

En seguinte lugar atópase a variable PORTADA, na que destaca a violencia de xénero cun 20% de referencias na páxina exterior, seguida polo acoso sexual e o abuso sexual. Ademais, na **Táboa XIII** resulta comparable o número de casos que aparecen e non aparecen en función do tipo de violencia.

Táboa XIII: Distribución da referencia en portada en función do tipo de violencia


Referencia en portada	Violencia de xénero		Abuso sexual		Acoso sexual		Outros		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
<i>Sí</i>	24	20,0%	5	9,4%	7	16,7%	1	25,0%	37	16,9%
<i>Non</i>	96	80,0%	48	90,6%	35	83,3%	3	75,0%	182	83,1%
TOTAIS	120	100,0%	53	100,0%	42	100,0%	4	100,0%	219	100,0%

Fonte: Elaboración propia

Comezando con outra das variables que agrupa diferentes dimensións, aténdese á FOTOGRAFÍA. Aquí, a categoría “*outros*” destaca cun 75% dos casos con fotografía, o que responde a que a maioría destas novas trátanse de reportaxes extensos nos que se adoita empregar algunha imaxe. Así outra das categorías máis numerosa, no que a esta variable refírese é o acoso sexual, cun 76%. Aínda así, os dous tipos de violencia restantes acadan valores moi equilibrados, aparecendo con fotografía no 50% dos casos, aproximadamente.

Se se repara na FOTOGRAFÍA, compre observar cal é o TAMAÑO empregado para facelo. Así, no **Gráfico 11** pódese ver como en preto do 50% dos casos para a violencia de xénero e o abuso sexual, e do 40% para o acoso sexual, a fotografía que acompaña a nova é mediana.

Gráfico 11: Distribución do tamaño da fotografía por tipo de violencia



Fonte: Elaboración propia

Chegando ó final, resulta importante abordar a EXTENSIÓN, que, coma no epígrafe anterior, será medida en nº de liñas. Así, na **Táboa XIV** é constatable como o caso de acoso sexual conta con maior representación entre intervalos medios de extensión (“101-150” e “151-200”). A violencia de xénero e o abuso sexual sitúanse na media, rexistrando maiores valores para o intervalo de 51-100, seguido polo de 0-50. Tras realizar a proba ANOVA de diferenza de medias atópase que o número medio de liñas para a violencia de xénero sitúase en 92, para o abuso sexual en 88 e para o acoso sexual en 114. A partir disto poderíase establecer que os casos de acoso sexual contan con maior espazo dentro del xornais, no entanto é necesario ter en conta que a maioría destas novas correspóndense co “*caso Hollywood*”, no cal destacan as reportaxes e as entrevistas a personalidades públicas. Isto pode xustificarse por que o número de liñas nas novas sobre acoso sexual supera a media global, a cal sitúase en 96.

Táboa XIV: Distribución da extensión por tipo de violencia

Nº de liñas	Violencia de xénero		Abuso sexual		Acoso sexual		Outros		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
0-50	32	26,7%	17	32,1%	3	7,1%	0	0,0%	52	23,7%
51-100	46	38,3%	20	37,7%	19	45,2%	1	25,0%	86	39,3%
101-150	29	24,2%	8	15,1%	12	28,6%	1	25,0%	50	22,8%
151-200	10	8,3%	6	11,3%	6	14,3%	2	50,0%	24	11,0%
201-250	1	,8%	2	3,8%	1	2,4%	0	0,0%	4	1,8%
301-350	0	0,0%	0	0,0%	1	2,4%	0	0,0%	1	,5%
401-450	1	,8%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	,5%
550-600	1	,8%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	,5%
TOTAIS	120	100,0%	53	100,0%	42	100,0%	4	100,0%	219	100,0%

Fonte: Elaboración propia

En último lugar repárase na variable XÉNERO DO AUTOR/A, a cal aporta diferenzas acusadas en función do tipo de violencia. Así, para a violencia de xénero o máis habitual é que a nova fora formada por unha muller (38%), seguida por de preto pola categoría home e tamén pola de “*sen definir*”. Para o abuso sexual, unha gran parte das novas contan cun nome masculino (57%), mentres que no caso do acoso sexual as porcentaxes volven equilibrarse, acadando unha tendencia semellante á observada no caso da violencia de xénero.

Para ningún dos dous xornais é posible rexeitar a hipótese nula de independencia estatística, (significación Chi Cadrado 0,118 para o ABC e 0,086 para EL PAÍS), polo que non se pode constatar asociación entre a variable “*xénero da persoa que asina*” e “*tipo de violencia*” en ningún dos medios tidos en consideración para esta análise. Na **Táboa XV** recóllese a información completa sobre esta variable a partir do tipo de violencia.

Táboa XV: Distribución do xénero do autor/a en función do tipo de violencia

Xénero do autor/a	Violencia de xénero		Abuso sexual		Acoso sexual		Outros		TOTAIS	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
Home	37	30,8%	30	56,6%	17	40,5%	3	75,0%	87	39,7%
Muller	46	38,3%	10	18,9%	19	45,2%	1	25,0%	76	34,7%
Sen definir	37	30,8%	13	24,5%	6	14,3%	0	0,0%	56	25,6%
TOTAIS	120	100,0%	53	100,0%	42	100,0%	4	100,0%	219	100,0%

Fonte: Elaboración propia

A través dunha análise de corte cualitativa, pónense de manifesto unha serie de características específicas a partir do tipo de violencia que se estea narrando. Comezando polas semellanzas, os tres tipos contan con un “caso mediático” que sobresaie por encima das demais novas e que xa se adiantaba na metodoloxía cando se xustificaba a elección do espazo temporal. O feito de poder comparar o impacto que reciben os casos xornalisticamente relevantes en contraposición ós casos anónimos aporta unha maior capacidade explicativa sobre como se realizan de forma global estas comunicacións. Porén, dificulta en gran medida a adecuada valoración dalgúns dos datos extraídos, xa que vense fortemente sobredimensionados polo efectos das novas desta natureza. En primeiro lugar, na violencia de xénero encádranse un total de 53 novas nas que se traslada información sobre Juana Rivas, a súa situación xudicial, a súa relación co pai dos seus fillos, as reaccións cidadás contrarias e de apoio ás decisións primeiramente da nai e posteriormente da xustiza, as opinións da familia paterna sobre o caso e as manifestacións das autoridades políticas sobre esta cuestión. En segundo lugar, no abuso sexual encádranse un total de 15 novas nas que se abordan agresións de carácter sexual circunscritas á festividade dos San Fermíns. En terceiro lugar, no acoso sexual encádranse un total de 24 novas nas que se fala das personalidades públicas relacionadas co cine involucradas directa (por seren vítima ou agresor) ou indirectamente (por seren testemuña) en situacións nas que se exerceu este tipo de violencia. Na **Táboa XVI** recóllense cada un destes casos e o tipo de violencia ó que se adhiren. De forma global, 92 das novas que conforman a mostra proceden de casos xornalísticos con gran impacto nos medios de comunicación, o que resulta substancialmente inferior ós 77 casos anónimos que se recolleron no mesmo período.

Táboa XVI: Tipo de violencia e caso mediático

VIOLENCIA DE XÉNERO	<i>“Caso Juana Rivas”</i>	Inclúe as novas nas que se aborda o suceso relacionado con Juana Rivas, Francesco Arcuri e os menores descendentes de ambos. Aínda así, tamén se considerou clasificar dentro desta categoría aqueles casos que reunisen características semellantes: muller vítima de violencia de xénero que incumpre os mandatos xudiciais relativos á garda e custodia de menores non entregando os seus fillos ó pai agresor nas circunstancias que se solicitan.
ABUSO SEXUAL	<i>“Caso San Fermíns”</i>	Inclúe as novas que relatan episodios de violencia sexual cara as mulleres durante a festividade dos San Fermíns. Esta categoría non se conforma exclusivamente dos relatos relacionados cos feitos perpetrados polo grupo de agresores coñecido baixo o alcume “la Manada”, pero ocupan un espazo principal.

<p>ACOSO SEXUAL</p>	<p><i>“Caso Hollywood”</i></p>	<p>Inclúe todas as novas que teñen que ver co acoso sexual no cine. Destacan as relacionadas ca industria estadounidense, especialmente aqueles casos nos que o agresor é H. Weinstein.</p>
----------------------------	--------------------------------	---

Fonte: Elaboración propia

Como se adiantaba na **Táboa XVI**, os tres casos interpretados como “casos mediáticos” que se toman como representativos de cada un dos tipos de violencia empregados nesta análise –violencia de xénero, abuso sexual e acoso sexual-, supoñen un detonante para a publicación de realidades semellantes. Para observar este “efecto dominó”, téñense en conta varios exemplos.

Por unha banda, con respecto ó acoso sexual, era observable no **Gráfico 9** a ausencia de novas publicadas sobre este tipo de violencia antes de outubro, mes no que comézase a falar do “*caso Hollywood*”. De esta forma, unha das primeiras novas publicadas en EL PAÍS sobre acoso sexual é a nova EP0910A, a cal leva por titular “*Escándalo sexual del todopoderoso Weinstein conmociona a Hollywood*” e na que se comeza a vencellar situacións de desigualdade de xénero e violencia sexual dentro de xerarquías de poder na industria do cine. A medida que avanza o mes, as novas sobre este tipo de violencia deixan de estar monopolizadas polo contexto Hollywood e pasan a retratar outras realidades a nivel estatal e europeo. Tres exemplos claros son a nova EP2410A recollida baixo o titular “*Teresa Rodríguez testifica por el supuesto acoso de un empresario*”, a nova EP2410A sinalando que “*las cineastas españolas quieren que un foro debate sobre el acosos sexual*” e a nova EP2610A na que se afirma que “*los eurodiputados apuntan a casos de acoso sexual en el seno de la institución*”. O ABC realiza un tratamento semellante, tal e coma mostra a nova ABC0210C na que se informa sobre como o ministro británico de Defensa tivo que dimitir despois de admitir que cotifara a unha xornalista anos antes.


Por outra banda, sobre o abuso sexual, compre ter en conta que o espazo temporal observado non se corresponde co ano no que se denunciou a violencia sexual exercida por “La Manada” durante os San Fermíns de 2016. Aínda así, si se realiza un seguimento claro deste caso por parte dos dous xornais ó longo dos meses analizados (EP1611A, EP0607B, EP1907A, EP1311A, ABC1511A, ABC1611A, ABC1611B, ABC2111A...) e, o que resulta de moito interese, faise un vencellamento entre este caso e outros con contextos semellantes. Para exemplificar esta cuestión recórrese á nova EP0307A, na que o titular recolle o suceso de “*dos jóvenes agredidas sexualmente en el País Vasco en las fiestas*”, e á nova EP0807A, onde infórmase da “*condena por abusar de una mujer el día del Chupinazo*”.

Por último, relativo á violencia de xénero, o “*caso Juana Rivas*” supón sen dúbida o caso con maior relevancia mediática de todos os observados. Tanto EL PAÍS como ABC inician a cobertura xornalística con novas coma ABC2707B (“*Juana Rivas huye con sus hijos para eludir entregarlos al padre maltratador*”) ou EP2807B (“*Nadie busca a Juana Rivas por ahora*”) e realizan un seguimento pormenorizado dos acontecementos. Resulta sinalable coma estas novas veñen acompañadas por outras nas que se recollen situacións de custodias de menores

onde os proxenitores viven en países diferentes. Xa que a maioría destas información non estaban circunscritas a unha situación de violencia de xénero, non foron recompiladas nesta investigación. Aínda así, un dos exemplos claros que se pode recoller procedente de EL PAÍS atópase xunto a nova EP2308B (“*El juez deja en libertad provisional a Juana Rivas contra el criterio del fiscal*”) na que se menciona o caso de M^o José Carrascosa. Outro exemplo pero extraído do ABC e que si se recolleu por estar contextualizado nun caso de violencia de xénero é a nova ABC0509A, na que o antetítulo recóllese a oración “*El otro caso Juana Rivas*” e na que se fala dun caso no que o proxenitor de orixe grego e a proxenitora de orixe español discrepan sobre a custodia dos menos descendentes de ambos e esta última fuxe acompañada polos seus fillos.


A fin de poder establecer o espazo temporal de aparición dos tres “casos mediáticos” recórrese ó **Gráfico 12**. Así, resulta constatable coma en EL PAÍS o mes de maior impacto para o “*caso Juana Rivas*” é agosto, seguido moi de lonxe por xullo e setembro; para o ABC agosto segue sendo moi significativo aínda que con menos casos pero outubro adopta valores moito máis altos que que no xornal anterior. Para o “*caso San Fermíns*” destacan en ambos medios os dous extremos da franxa de observación é dicir, xullo e novembro. Por último, para o “*caso Hollywood*”, e tal e coma se adiantaba anteriormente, outubro e novembro supoñen os únicos meses nos que se rexistran aparicións mediáticas sobre este tema, sendo moito máis salientable no ABC.

Gráfico 12 (a): EL PAÍS - Distribución mensual das novas a partir do caso mediático



Fonte: Elaboración propia

Gráfico 12 (b): ABC - Distribución mensual das novas a partir do caso mediático



Fonte: Elaboración propia

Dentro da estrutura das novas atópanse importantes diferenzas a partir do tipo de violencia que se estea narrando. Para a violencia de xénero pódese observar unha estrutura estable, na que unha serie de ítems permanecen practicamente invariables. Estes poden ser clasificados a partir de a quen fan referencia (**Táboa XVII**) e ofrecen información sobre parte dos actores que poden verse involucrados dentro dun caso de estas características. Un exemplo desta estrutura pode ser observado na nova EP0207A, na cal o titular recolle “*Detenido un hombre por asesinar a golpes a su pareja*” e onde pódese ler “*Un hombre de 80 años y de nacionalidad británica ingresó ayer en prisión por haber asesinado presuntamente de una paliza a su expareja, de 47 años y de la misma nacionalidad, en el municipio de Mogán (Gran Canaria) [...] EL PAÍS ha podido saber que el supuesto agresor y la víctima habían roto su relación, pero seguían conviviendo. No constan en España denuncias ni antecedentes de violencia machista contra el presunto asesino*”. A nova continúa explicando detalles sobre o crime, o estado da vítima cando chegaron os equipos de emerxencia e a detención do agresor. Remata con un parágrafo no que se recolle “*En lo que va de 2017 un total de 30 mujeres han muerto a manos de sus parejas o exparejas en España, según los datos de la Delegación del Gobierno para la Violencia de Género*”.

Táboa XVII (a): Características do contido das novas

<i>Relativos á vítima e ó agresor</i>	Idade Nacionalidade Estado civil Relación de convivencia
<i>Relativos ó crime ou á agresión</i>	Persoa(s) que atoparon á vítima Forma da agresión
<i>Relativos á vítima</i>	Existencia de denuncia Existencia de informe dos Servizos Sociais No caso de non ter falecido, situación física e psicolóxica
<i>Relativos ó agresor</i>	Situación xudicial (previa e actual) Situación laboral Condenas e penas
<i>Relativos ás autoridades</i>	Testemuñas Accións e actuacións Reaccións Opiniós
<i>Relativos á sociedade civil</i>	Testemuñas da veciñanza Accións e actuacións
Reconto total de vítimas anuais ou mensuais	

Fonte: Elaboración propia

Para ao abuso sexual non se atopa unha estrutura definida pero si unha serie de temas que son repetidos con frecuencia. É importante ter en conta que estes temas non se repiten en conxunto, senón que existe relativa heteroxeneidade no emprego destes bloques temáticos. Aínda que non exista unha clasificación tan visible coma para a anterior violencia, empréganse as mesmas categorías de organización a fin de estruturar a información (**Táboa XVII**). Un exemplo pódese atopar na nova ABC2209B na que como o titular adianta, “*Acepta año y medio de cárcel por abusar de una menor que conoció en Internet*”, só se fala da situación xudicial e penal do agresor. Outro exemplo con características diferentes é a nova ABC0108C,

na que se traslada información sobre un caso de abusos sexual dun proxenitor ás súas dúas fillas e na que abórdanse especialmente temas relacionados ca propia situación de abuso e agresión (“*el acusado realizó prácticas sexuales con sus hijas, en el propio dormitorio del hombre y su exmujer. Allí, el hombre las desnudaba [...]*”).

Táboa XVII (b): Características do contido das novas

<i>Relativos á vítima e ó agresor</i>	Relación de forzas (igual/desigual)
<i>Relativos ó abuso ou á agresión</i>	Explicación de condutas concretas Descrición explícita dos feitos que son denunciados ou feitos públicos
<i>Relativos á vítima</i>	Existencia de denuncia
<i>Relativos ó agresor</i>	Situación xudicial Condenas e penas
<i>Relativos ás autoridades</i>	Opinión e manifestacións públicas Consecuencias políticas e sociais Recursos postos a disposición de vítima
<i>Relativos á sociedade civil</i>	Accións e actuacións

Fonte: Elaboración propia

En último lugar, para abordar o acoso sexual emprégase o mesmo sistema de clasificación dos temas máis relevantes e máis repetidos, tendo en conta a mesma característica que para o tipo de violencia anterior: esta non é unha estrutura tan estable como para a violencia de xénero e todos os temas non aparecen sistematicamente en todas as novas. Un dos exemplos máis significativos é a nova EP2010A na que se traslada información sobre un caso circunscrito no ámbito educativo. Así, coméntase a situación existente entre vítima e agresores (“*compañeros de clase*”), a situación xudicial dos agresores tras a denuncia (“*detidos*”) e as consecuencias persoas e educativas que esta situación supuxo para a vítima (“*empeoramento da súa saúde e baixada no rendemento académico*”).

Táboa XVII (c): Características do contido das novas

<i>Relativos á vítima e ó agresor</i>	Representación de homes e mulleres no seu entorno laboral/educativo
<i>Relativos ó abuso ou á agresión</i>	Explicación de condutas concretas Descrición explícita dos feitos que son denunciados ou feitos públicos
<i>Relativos á vítima</i>	Testemuñas Consecuencias laborais/educativo
<i>Relativos ó agresor</i>	Situación xudicial
<i>Relativos ás autoridades</i>	Mecanismo de prevención e detección

Fonte: Elaboración propia

En último lugar, resulta de interese recoller os rasgos máis característicos dos titulares que acompañaban ás novas recompiladas. Na ámbito das semellanzas entre xornais, é habitual que ambos recollan ás mulleres acompañadas por un posesivo e como suxeito pasivo. No ámbito das diferenzas, por unha banda, é observable coma ABC coloca con moita frecuencia a situación xudicial do agresor no primeiro termo da oración: *“Condenado a 33 años de cárcel por abusar de sus hijas”, “Condenan a 31 años al acusado de matar a su mujer en el CHUO”, “Detenido el loco del chándal”, “Detenido en Cornellá el presunto autor del asesinato de una mujer en Rubí”, “Detenido por abusar de una niña de nueve años”, “Detenido por amenazar a su ex con un arma”, “Detenido por incumplir una orden de alejamiento”, “Detenido un hombre de 31 años por agresión a su novia menor”* ou *“Dimite un concejal de lalín denunciado por acoso sexual”*. Por outra banda, resulta significativo coma EL PAÍS sitúa na primeira parte da oración cuestións relativas ó delito: *“El acoso sexual diario de hombres con poder”, “El asesinato de una joven tras tomar cabify”, “El asesinato machista de Elda revela las lagunas del sistema”, “Abusos en el cine”* ou *“Acoso sexual: la epidemia que persiste”*.

5.3. COMPARACIÓN ENTRE AS NOVAS ANALIZAS E A NORMA VIXENTE

Tal e coma se recollía no Marco Teórico, existen unha serie de directrices nas políticas públicas actuais que buscan regular o tratamento que reciben as novas referentes a un dos tipos de violencia que se abordan neste traballo: a violencia de xénero. A **Táboa XVIII** busca sintetizar a os rasgos observados máis significativos e contrapoñelos ás regulacións que se ofrecían dende o marco normativo.

Táboa XVIII: Síntese da contraposición entre a realidade observada e a norma vixente

LEI DA QUE É EXTRAÍDA A DIRECTRIZ	DIRECTRIZ	REALIDADE OBSERVADA
<i>Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero</i>	Agregar información sobre recursos de prevención, asistencia e protección existentes en Galicia.	As novas non son acompañadas por esta clase de información
	Procurarase o respecto á intimidade das vítimas	As novas apenas recollen identidades de persoas concretas pero aparecen fotografías de domicilios
<i>Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Xénero</i>	Obxectividade informativa e defensa dos Dereitos Humanos, liberdade e dignidade das mulleres vítimas de violencia e os seus fillos	Existen rasgos que poden constituír carencias fortes nestes dous principios
	Coidado ó tratamento gráfico das informacións	As novas respectan maioritariamente este principio, aínda que non en todos os casos

Fonte: Elaboración propia a partir da información extraída da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e de Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Xénero

Retomando por orde estas directrices, atópase en primeiro lugar a necesidade de *agregar información sobre recursos de prevención, asistencia e protección existentes*. En ningún dos casos analizados recóllese información directa sobre os servizos ofrecidos dende a Administración para a atención das vítimas. Porén, é frecuente que se realice unha reflexión sobre os servizos dos que estaba sendo usuaria (ou non) a vítima da que se fala na nova e o eficaces ou ineficaces que estes resultaban. O feito de recoller de forma sistemática se existía denuncia previa é relevante a efectos de completar a nova e ofrecer a información necesaria para entender a realidade pero resulta ineficaz á hora de reforzar a necesidade da denuncia.

Seguidamente, a cuestión de procurar o respecto á intimidade das vítimas conséguese en alta proporción nos casos anónimos, xa que ou ben non se recollen os nomes da vítima nin do agresor ou ben estes aparecen baixo siglas. Aínda así, as fotografías dos domicilios son moi frecuentes, o que pode constituír unha forma de intromisión nesa intimidade que se busca salvagardar. As fotografías de cadáveres son moi minoritarias pero polo momento algunha pode atoparse.

Por último, a obxectividade informativa e a defensa dos Dereitos Humanos, liberdade e dignidades das vítimas e da súa descendencia resulta máis dificilmente interpretable debido á carga subxectiva que isto comporta. O feito de que a maioría dos casos non mediáticos permanezan no anonimato é un inicio no respecto dos dereitos das vítimas. Con todo, a repetición sistemática do contexto da vítima e do agresor pode dar lugar a interpretacións pouco fieis á realidade. Non se trata dun fenómeno no que as características socioeconómicas sexan determinantes.

6. CONCLUSIÓNS:

Rematando na elaboración desta investigación, o epígrafe que se presenta a continuación da paso a unha breve revisión das diferentes partes que a conforman en relación ós resultados obtidos. A metodoloxía empregada posibilitou unha análise sistemática e pormenorizada do material que conformou a mostra, podendo establecer os rasgos máis salientables das informacións realizadas entre xullo e novembro de 2017 nos xornais ABC e EL PAÍS en relación a novas nas que se narraban situacións de violencia cara as mulleres. A fin de estruturar estas conclusións volverase sobre os obxectivos de investigación establecidos nun primeiro momento e que dan lugar ó eixo vertebrador deste traballo.

En relación ó obxectivo 2, ***describir as diferenzas entre o tratamento mediático que reciben estas tres manifestacións da violencia cara as mulleres***, resulta constatable que a violencia de xénero é o tipo de violencia máis representado no espazo de tempo observado, xullo – novembro de 2017, a través dos dous xornais seleccionados, EL PAÍS e ABC. Ademais, ocupa posicións salientables e é máis frecuente que a nova sexa referenciada en portada que noutros tipos de violencia. Aínda así, compre ter presente que estas cifras poden verse distorsionadas polo “*caso Juana Rivas*”, o cal ocupou un volume moi alto de publicacións. A extensión entre informacións é semellante, non aportando diferenzas significativas. O rasgo no que si se poden sinalar unha diverxencia é no xénero da persoas que asina a nova, moi salientable para o caso do abuso sexual, que conta con máis homes que mulleres, mentres que isto non é así para o caso da violencia de xénero e o abuso sexual.

En relación ó obxectivo 3, ***describir as diferenzas de contido no tratamento da violencia cara as mulleres entre os dous xornais analizados***, pode apreciarse coma as diferenzas entre o volume de aparicións de novas protagonizadas por casos de violencia cara as mulleres non son demasiado importantes. Ambos xornais recollen valores próximos no número de novas e tamén nas datas das que estas novas son publicadas. Así, o mes que maior presenza rexistra é o mes de agosto, o cal non coincide nin cas reivindicacións polo Día Internacional contra a Violencia cara as Mulleres (mes de novembro) nin co mes no que máis vítimas de violencia de xénero foron asasinadas (mes de outubro). Porén, o mes de outubro si que constitúe o segundo mes que máis novas se rexistran en total, pero coincide, á súa vez, co estalido do “*caso Hollywood*”, o cal ocupa arredor dun 40% das novas rexistradas para ese mes. Á súa vez, ambos xornais manifestan unha tendencia a colocar as novas sobre violencia cara as mulleres en posicións secundarias (final da sección e páxina esquerda), aínda que resulta máis acusada no caso de EL PAÍS. En ningún dos casos é frecuente que se empregue algunha referencia na portada á nova que se conterà no xornal, pero no ABC esta porcentaxe é aínda menor. Isto non ocorre co caso das fotografías, xa que unha gran parte das novas aparece acompañada por algunha, arredor dun 5% por máis de unha. Con todo, o formato máis empregado é o mediano. A extensión das novas constitúe outro elemento de semellanza, situándose entre 51 e 100 liñas o intervalo máis repetido. Isto equivale 40% Por último, no caso de EL PAÍS é sinalable que se atoparon máis novas asinadas por homes que por mulleres, mentres que no ABC non é así, aínda que as diferenzas porcentuais son reducidas, xa que o número de casos asinados por homes atópase equilibrado co de mulleres. Independentemente disto, é difícil establecer unha

afirmación inequívoca sobre esta cuestión, xa que o volume de novas que non presenta sinatura é moi elevado.

Por último, en relación ó obxectivo 4, **valorar a adecuación da realidade observada á norma vixente sobre comunicación e información en materia de violencias cara as mulleres**, compre sinalar que as directrices das que se partía resultaban escasas e pouco delimitadas. Ademais, o seu principal rasgo era que só falaban de violencia de xénero, esquecendo os dous casos restantes traballados ó longo desta investigación. Aínda así, resultou constatable que as cuestións centrais sobre as que se elaboraba esta regulación eran maioritariamente cumpridas. Porén, non se debe esquecer que estas resultan moi xerais e afectan só ás cuestións máis graves (falta de privacidade e falta de rigor xornalístico). Así, sería de interese elaborar unha normativa máis ampla ca que intervir dunha forma máis axustada ós obxectivos perseguidos.

Ca intención de realizar un balance sobre os obxectivos e o grao de consecución dos mesmos establécese a **Táboa XIX**. Aínda que resultan claramente completables, considérase que existe unha aproximación sistemática ós mesmos, a cal pode aportar un punto de partida para futuras investigacións na materia.

Táboa XIX: Conclusión sobre os obxectivos

OBXECTIVO	ACADADO
Clasificar as novas a partir do tipo de violencia que recollen	Si
Describir as diferenzas entre o tratamento mediático que reciben estas tres manifestacións da violencia cara as mulleres	Si
Describir as diferenzas de contido no tratamento da violencia cara as mulleres entre os dous xornais analizados	Si con limitacións na parte cualitativa
Valorar a adecuación da realidade observada á norma vixente sobre comunicación e información en materia de violencias cara as mulleres	Si con limitacións

Fonte: Elaboración propia

En resposta á pregunta inicial sobre como é o tratamento mediático realizado ás novas protagonizadas por casos de violencia cara as mulleres, pódese concluír que adopta carácter desigual entre tipos de violencias (violencia de xénero, abuso sexual e acoso sexual) pero semellante entre os xornais analizados (EL PAÍS e ABC). De xeito engadido, pódese interpretar certo carácter sensacionalista das publicación debido ó desaxuste entre casos reais e número

de novas. Ademais, o emprego dos casos mediáticos como máximos representantes da violencia cara as mulleres pode levar a un desaxuste entre a realidade deste problema social e a imaxe que del se ofrece a través dos medios de comunicación. Porén, a relevancia xornalística destes casos supón en moitas ocasións un detonante para falar doutras realidades máis anónimas que adoitan permanecer invisibilizadas.

Para rematar, sería interesante completar esta investigación nun futuro abrindo novas liñas de análise. Constituiría un elemento relevante incluír outros tipos de violencias cara as mulleres que, aínda que atopados nos medios de forma máis minoritaria, son igualmente significativos. Un exemplo é a maternidade subrogada, que fai está sendo abordada no Parlamento e da que os xornais se fixeron eco. Ademais, é necesario incluír outros medios de comunicación máis empregados, coma a televisión ou outro tipo de xornais.

7. DEBILIDADES E FORTALEZAS DO TRABALLO DE FIN DE GRAO:

	DEBILIDADES	FORTALEZAS
Obxectivos	<p>X Necesidade de renunciar a parte deles, especialmente os que implicaban empregar outras técnicas de investigación.</p>	<p>✓ Adecuada operativización dos mesmos.</p>
Marco teórico	<p>X Dificultade para estruturar adecuadamente a información bibliográfica recompilada.</p> <p>X Dificultade para atopar un fío condutor que articulase as diferentes partes entre si.</p> <p>X Dificultade para empregar nas demais partes do traballo o exposto durante o marco teórico.</p> <p>X Empregouse un tempo excesivamente alto na súa elaboración sen que isto supuxera unha mellora substancial do mesmo, restando espazo ás demais partes.</p>	<p>✓ Revisión profunda de políticas públicas que contribúen ó sustento normativo da realidade sobre a que se investiga.</p> <p>✓ Emprego de fortes procedentes dos dous campos máis relevantes nesta investigación: os estudos de xénero e os estudos sobre comunicación.</p>
Deseño metodolóxico	<p>X Renuncia á técnica escollida inicialmente (análise do sistema de discursos).</p> <p>X Forte carga de recollida, rexistro e clasificación do material que limitou o tempo dispoñible para a análise.</p>	<p>✓ Sistematización e rigorosidade na recollida durante o traballo de campo.</p>
Análise de resultados	<p>X Existencia dun volume alto de material empírico que non foi explotado.</p> <p>X Dimensión case exclusivamente descritiva.</p>	<p>✓ Emprego dunha metodoloxía cualitativa e cuantitativa.</p> <p>✓ Rigorosidade na análise.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA:

- ALEMANY, C. (2002). Violencias. En HIRATA, H., LABORIE, F., LE DOARÉ, H. e SENOTIER, D. (coords), *Diccionario crítico del feminismo* (p. 291). Madrid: Síntesis.
- ALONSO, S., VOLKENS, A. e GÓMEZ, B. (2012). *Análisis de contenido de textos políticos. Un enfoque cuantitativo*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- BERNÁRDEZ, A. (2015). *Mujeres en medio(s): propuestas para analizar la comunicación masiva con perspectiva de género*. Madrid: Editorial Fundamentos.
- BOURDIEU, P. (1985). *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos* (p. 11). Madrid: Akal.
- BOURDIEU, P. (2015). *La dominación masculina* (p. 12). Barcelona: Anagrama.
- CALLEJA, J. M. (2016). *Como informar sobre la violencia machista*. Madrid: Cátedra.
- CASTRO, C. (2017). *Políticas para la igualdad*. Madrid: Catarata.
- CUENCA, C. (2017). *El acoso sexual. Un aspecto olvidado de la violencia de género*. Madrid: CIS.
- DE MIGUEL, A. (2017). *Neoliberalismo sexual: el mito de la libre elección* (p. 85). Madrid: Ediciones Cátedra.
- ESPINAR, E., FRAU, C., GONZÁLEZ, M.J. e MARTÍNEZ, R. (2006). *Introducción a la sociología de la comunicación* (pp. 51-54). Alicante: Universidad de Alicante.
- FERNÁNDEZ, J. E NOBLEJAS, M. (2007). *Cómo informar sobre infancia y violencia*. Madrid: Centro Reina Sofía.
- FREIRE, P. (2003). *La pedagogía del oprimido*. Madrid: Siglo Veintiuno.
- GALINDO, J. (2009). Apuntes para una sociología de la violencia. En BARBOSA, M. e YÉBENES, Z. (coords.), *Silencios, discursos y miradas sobre la violencia* (pp. 201-232). Barcelona: Anthropos.
- GAMBA, S. B. (coord.). (2009). *Diccionario de estudios de género y feminismos*. Buenos Aires: Biblos.
- GARCÍA, M^a N. (2009). *Violencia machista contra las mujeres en la sociedad de la información: tratamiento pluridisciplinar del fenómeno y defensa de sus víctimas*. Madrid: Fragua.
- GUTIÉRREZ, M., NOTARIO, B. e MARTÍNEZ, V. (coords.) (2009). *Violencia doméstica contra las mujeres en la prensa escrita*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- IGATUA, J. J. (2006). *Métodos cuantitativos de investigación en comunicación*. Barcelona: Bosch.

- KRIPPENDORFF, K. (1990). *Metodología de análisis de contenido. Teoría y práctica*. Barcelona: Paidós.
- LÓPEZ, P. (2007). ¿Cómo tratan la violencia de género los medios de comunicación? En PLAZA, J. e DELGADO, C. (eds.), *Género y Comunicación* (pp. 73-99). Madrid: Editorial Fundamentos.
- LÓPEZ, P. (2008). Los medios y la representación de género: algunas propuestas para avanzar. *Feminismo/s*, 11, 95-108.
- MANIER, B. (2007). *Cuando las mujeres hayan desaparecido*. Madrid: Cátedra
- NOELLE-NEUMANN, E. (2010). *La espiral del silencio*. Barcelona: Paidós.
- PETIT, M. e PRAT, M. (2011). *Prevención de la violencia de género en la adolescencia*. Barcelona: Icaria.
- PULEO, A. (1995). Patriarcado. En AMORÓS, C. (dir.), *10 palabras clave sobre mujer* (pp. 21-54). Navarra: Verbo Divino.
- RODA, R. (1989). *Medios de comunicación de masas. Su influencia en la sociedad y en la cultura contemporánea*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- RODRÍGUEZ, A. (2010). *El Prestige como hiper-realidad mediática. Poder y efectos de los medios de comunicación en la construcción de la realidad social*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.
- SOLNIT, R. (2015). *Los hombres me explican cosas* (p. 14). Madrid: Capitán Swing.
- TORREGROSA, M. e MARTÍN, M. (2009). Investigaciones sobre los efectos de la comunicación. En *Manual de Teoría de la Información y de la Comunicación* (pp. 352-371). Madrid: Universitat.
- TRUJILLO, F. e AYORA, M. C. (2009). Estructura temática de las noticias de prensa sobre Violencia Doméstica: un ejercicio de Análisis Crítico del Discurso. En TRUJILLO, F. e FORTES, M. R. (eds.), *Violencia doméstica y coeducación: un enfoque multidisciplinar* (pp. 157-171). Barcelona: Octaedro.
- WEST, R. e TURNER, L.H. (2005). *Teoría de la Comunicación. Análisis y Aplicación* (p. 335-396). Madrid: McGrawHill.
- WIMMER, R. e DOMINICK, J. (1996). *La investigación científica de los medios de comunicación. Una introducción a sus métodos*. Barcelona: Bosch.

9. RELACIÓN DE FIGURAS:

9.1. TÁBOAS:

Táboa I: Medidas prevención e sensibilización cara a violencia de xénero en Galicia	15
Táboa II: Ampliación variable V4.4.....	19
Táboa III: Resumo das variables e vencellamento cos obxectivos de investigación.....	23
Táboa IV: Seccións dos xornais seleccionados	28
Táboa V: Distribución das seccións por xornal.....	28
Táboa VI: Distribución da páxina da sección por xornal	29
Táboa VII: Distribución do tamaño da fotografía por xornal	32
Táboa VIII: Distribución da extensión por xornal	33
Táboa IX: Distribución do tipo de violencia por xornal	34
Táboa X: EL PAÍS - Distribución da sección por tipo de violencia.....	36
Táboa XI: ABC - Distribución da sección por tipo de violencia	36
Táboa XII: Distribución da posición na páxina por tipo de violencia	38
Táboa XIII: Distribución da referencia en portada en función do tipo de violencia	38
Táboa XIV: Distribución da extensión por tipo de violencia	40
Táboa XV: Distribución do xénero do autor/a en función do tipo de violencia.....	40
Táboa XVI: Tipo de violencia e caso mediático	41
Táboa XVII (a): Características do contido das novas.....	45

9.2. GRÁFICOS:

Gráfico 1: Distribución do total de novas por xornal	26
Gráfico 2: Distribución por mes de publicación a partir do xornal	26
Gráfico 3: Distribución do total de novas a partir do tipo de violencia	27
Gráfico 4: Distribución da orientación na páxina por xornal	29
Gráfico 5: Distribución da posición na páxina por xornal	30
Gráfico 6: Distribución da referencia en portada sobre o total	31
Gráfico 7: Distribución da ubicación da fotografía por xornal	32
Gráfico 8: Distribución do xénero do autor/a por xornal	33
Gráfico 9: Mes de publicación por tipo de violencia.....	35
Gráfico 10: Distribución da orientación na páxina por tipo de violencia.....	37
Gráfico 11: Distribución do tamaño da fotografía por tipo de violencia	39
Gráfico 12 (a): EL PAÍS - Distribución mensual das novas a partir do caso mediático	43

9.3. ILUSTRACIÓNS:

Ilustración 1: Exemplo portadas ABC	20
---	----

10. ANEXOS:

ANEXO 1: FICHA DE RECOLLIDA DE NOVAS

CÓDIGO	<i>Iniciais do periódico + data de publicación + letra</i>	
MEDIO	Nome do periódico	
DATA DE PUBLICACIÓN		
LOCALIZACIÓN	SECCIÓN	
	PÁXINA (con respecto ás páxinas da sección)	
	PÁXINA (dereita ou esquerda)	
	POSICIÓN NA PÁXINA	
APARECE EN PORTADA?		
EXTENSIÓN	Nº de columnas	
	Nº de liñas	
FOTOGRAFÍA	si/non	
	LOCALIZACIÓN	
	b/n ou en cor	
	TAMAÑO (pequena, mediana, grande)	
	PÉ DE FOTO	
TITULAR		
SUBTÍTULO		
IDENTIDADE AUTOR/A (home/muller)		

Táboas de frecuencias**Tipo de nova**

	Frecuencia	Porcentaje	Porcentaje válido	Porcentaje acumulado
Violencia de xénero	120	54,8	54,8	54,8
Abuso sexual	53	24,2	24,2	79,0
Válidos Acoso sexual	42	19,2	19,2	98,2
Outros	4	1,8	1,8	100,0
Total	219	100,0	100,0	

Subtipo de nova

